

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase o Goberno, no ámbito das súas competencias, a ditar as normas para o desenvolvemento regulamentario desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación supletoria.*

No non previsto nesta lei será de aplicación supletoria o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Disposición derradeira cuarta. *Distribución dos recursos do Fondo de Axuda ás Belas Artes.*

O Goberno, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, levará a cabo as modificacións normativas precisas para distribuír territorialmente entre comunidades autónomas os recursos do Fondo de Axuda ás Belas Artes co fin de que sexan estas administracións as que, de acordo coa súa competencia exclusiva na materia, xestionen directa e integramente os citados recursos nos seus respectivos territorios.

Os criterios e mecanismos de repartición deberán, pola súa vez, acordarse coas comunidades autónomas.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

20802 *LEI 4/2008, do 23 de decembro, pola que se suprime o gravame do imposto sobre o patrimonio, se xeneraliza o sistema de devolución mensual no imposto sobre o valor engadido, e se introducen outras modificacións na normativa tributaria. («BOE» 310, do 25-12-2008.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei ten por obxecto introducir diversas modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, a Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, o texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. Ademais, introdúcese cadansúa disposición no ámbito do imposto

sobre actividades económicas e do imposto sobre as primas de seguros para dar cumprimento aos acordos acadados pola Administración xeral do Estado cos representantes do sector do transporte por estrada co fin de paliar os efectos que a elevación do prezo dos combustibles vén ocasionando no dito sector.

II

As modificacións que afectan o imposto sobre sociedades responden principalmente á necesidade de adaptar a lexislación fiscal á reforma contable que foi completada coa aprobación dun novo Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, que vén desenvolver a Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.

A mencionada Lei 16/2007 instrumentou un proceso de harmonización das normas contables españolas ao marco contable das Normas Internacionais de Contabilidade adoptadas na Unión Europea. Estas normas internacionais xa se incorporaran con carácter obrigatorio desde o 1 de xaneiro de 2005 exclusivamente para as contas anuais consolidadas dos grupos con sociedades cotizadas, polo que a Lei 16/2007 fixo posible incorporar, con carácter xeral, criterios converxentes cos contidos no marco contable comunitario nas contas anuais individuais de todas as compañías españolas, cotizadas ou non.

A aprobación do novo Plan xeral de contabilidade fai necesario introducir modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, dada a vinculación existente entre o resultado contable e a base imponible do dito imposto, algunhas das cales son meramente técnicas e responden á nova terminoloxía utilizada no PXC recentemente aprobado, así como ao novo tratamento contable polo cal determinados dividendos non se contabilizan na conta de perdas e ganancias como ingresos, senón minorando o valor contable do investimento.

Dado que esta reforma mercantil ten efectos respecto dos exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, o PXC contén tamén o réxime transitorio para a súa aplicación por primeira vez. A respecto disto, a disposición transitoria única da Lei 16/2007 establece que, para a elaboración das contas anuais que correspondan ao primeiro exercicio que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2008, as empresas elaborarán un balance de apertura ao comezo do dito exercicio, o cal se realizará de acordo coas normas establecidas na dita lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. En particular, as disposicións transitorias do PXC desenvolven os criterios para elaborar o dito balance de apertura de acordo cos criterios de valoración, cualificación e rexistro incorporados no novo marco contable, o cal suporá realizar axustes como consecuencia da primeira aplicación do PXC, cuxa contrapartida, con carácter xeral, se rexistrará en contas de reservas.

Dada a conexión sinalada entre resultado contable e base imponible do imposto sobre sociedades deben regularse as consecuencias fiscais, por motivos de seguranza xurídica, dos axustes contables derivados da primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade. A regra xeral será que os cargos e aboamentos a contas de reservas que se xeren con ocasión dos axustes de primeira aplicación teñan plenos efectos fiscais, é dicir, deberán terse en consideración para a determinación da base imponible do exercicio 2008, na medida en que teñan a consideración de ingresos e gastos de acordo co establecido no artigo 36 do Código de comercio.

Non obstante, co obxecto de conseguir a máxima neutralidade nos efectos fiscais da reforma contable, régulase que determinados cargos e aboamentos a reservas non terán consecuencias fiscais cando respondan a

ingresos e gastos, sempre que estes últimos non tivesen a consideración de provisións cando se dotaron, que se devengaron e contabilizaron en exercicios anteriores a 2008 segundo a aplicación dos anteriores criterios contables e que, ademais, se integraron na base imponible do imposto sobre sociedades correspondentes aos ditos exercicios, sendo que por aplicación dos novos criterios contables eses mesmos ingresos ou gastos se devengarán de novo a partir do exercicio 2008, establecéndose que estes últimos tampouco terían efectos fiscais por canto que os seus efectos se consolidaron cando se contabilizaron naqueles exercicios.

A este fin responde a introdución dunha disposición transitoria vixésimo sexta no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Polo que se refire á reforma contable, cabe destacar, por último, que a adecuación do marco contable aplicable ás entidades aseguradoras ao contexto normativo das Normas Internacionais de Contabilidade adoptadas na Unión Europea, e á harmonización producida nesta materia pola citada Lei 16/2007, deberá motivar unha revisión do Plan de contabilidade das entidades aseguradoras.

O citado Plan de contabilidade das entidades aseguradoras vai introducir un cambio na forma de contabilizar a «reserva de estabilización», modificación que tamén afectará de forma especial a primeira aplicación do novo plan, en particular, a súa dotación non se rexistrará na conta de perdas e ganancias. Dado que esta reserva ten a consideración de provisión técnica, e que a súa orixe e aplicación seguen a ser as mesmas con independencia do seu recoñecemento contable, debe modificarse o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades co obxecto de que non se alteren os efectos fiscais e, por tanto, alcanzar a neutralidade fiscal neste cambio de criterio contable.

Outro conxunto de modificacións que se introduce no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, referido aos artigos 12.3, 21.1 e 107.15 deste, ten por obxecto evitar unha posible vulneración do dereito comunitario en materia de discriminación e de restrición da liberdade de movemento de capitais.

Por iso, tales modificacións pretenden evitar as citadas discriminacións e restricións á mencionada liberdade, xeneralizando a aplicación de determinadas medidas a todos os Estados membros da Unión Europea, a condición de que o suxeito pasivo acredite que a constitución da entidade neste ámbito responde a motivos económicos válidos e, ademais, realiza actividades empresariais.

Tamén se modifica o mencionado texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades para adaptalo á sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 13 de marzo de 2008, por concluír esta que a dedución de actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica regulada naquel é contraria ao ordenamento comunitario ao ser menos favorable para os gastos realizados no estranxeiro que para os efectuados en España, a cuxo fin se eliminan as restricións existentes de xeito que a dedución se aplica de igual maneira con independencia de que esas actividades se efectúen en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

III

No ámbito do imposto sobre a renda de non-residentes, modifícase a regulación dos procedementos amigables para establecer que durante a súa tramitación non se xerarán xuros de demora.

Así mesmo, artículase unha serie de modificacións no ámbito do procedemento para posibilitar a aplicación efectiva da exención dos rendementos a favor dos investidores en débeda pública e outros instrumentos de renda fixa.

IV

O imposto sobre o patrimonio estableceuse no ano 1977 como un tributo de carácter extraordinario, no marco da profunda reforma do sistema tributario iniciada ese ano.

A vixente lei do imposto, a Lei 19/1991, do 6 de xuño, supuxo a incorporación con carácter estable do imposto ao sistema tributario, cun obxectivo triplo: efectuar unha función de carácter censual e de control do imposto sobre a renda das persoas físicas; conseguir unha maior eficacia na utilización dos patrimonios e a obtención dunha maior xustiza redistributiva complementaria da fornecida polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

No entanto, desde o momento do seu establecemento, as transformacións, tanto do contexto económico internacional como as mesmas modificacións introducidas no tributo, fixeron que perda a súa capacidade para alcanzar de forma eficaz os obxectivos para que foi deseñado.

No actual contexto, resulta necesario suprimir o gravame derivado deste imposto mediante a fórmula máis idónea para asegurar a súa eliminación efectiva e inmediata. Esta eliminación do gravame prodúcese tanto para a obriga real como para a obriga persoal de contribuir.

En consecuencia, o precepto que modifica determinados artigos da Lei 19/1991, igual que a derogación que afecta outras disposicións da dita lei, ten por obxecto eliminar o gravame por este imposto, sen necesidade de modificar ao mesmo tempo a Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, posto que calquera modificación desta lei debe ser obxecto dun exame conxunto no marco do proceso de reforma do sistema de financiamento das comunidades autónomas.

V

A constante e acelerada elevación que vén experimentando o prezo dos combustibles desde hai meses provocou importantes dificultades económicas ao sector do transporte por estrada. Como consecuencia de tal suba viñéronse mantendo contactos entre representantes da Administración xeral do Estado e do sector do transporte. Como resultado deles, acadáronse unha serie de acordos respecto dos cales o Consello de Ministros tomou coñecemento e aos cales se lles deu publicidade mediante a Orde PRE/1664/2008, do 13 de xuño, e a Orde PRE/1773/2008, do 20 de xuño, en relación co transporte de mercadorías e de viaxeiros, respectivamente.

Mediante esta lei procédese a dar execución ás iniciativas acordadas en materia fiscal que se refiren á redución do 75% do imposto sobre as primas de seguros durante os anos 2008 e 2009 e á bonificación do 50% das cotas do imposto sobre actividades económicas para o transporte por estrada para o exercicio 2008.

VI

As modificacións que se incorporan á Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, IVE no sucesivo, responden a diversas circunstancias.

En primeiro lugar, especifícase na norma que ás entidades mercantís se lles presume a condición de empresario ou profesional salvo proba do contrario. Con isto, dáse entrada na norma á xurisprudencia comunitaria sobre a materia, que non permite afirmar, sen máis, que é empresario ou profesional unha entidade mercantil polo mero feito da súa condición de tal.

En segundo lugar, actualízanse os supostos de non-suxeición das transmisións globais de patrimonio, adecuando a norma legal á xurisprudencia comunitaria, basi-

camente, á sentenza do 27 de novembro de 2003, recaída no Asunto C-497/01, Zita Modes Sarl, que resolve as diversas dúbidas suscitadas en aplicación do precepto que se modifica, o artigo 7.1.º da lei antes citada.

A seguinte modificación que se introduce efectúase nos artigos 34 e 35 da mesma lei, o primeiro dos cales ve revisado o seu importe, á vez que se adecua o segundo ao contido da Directiva 2007/74/CE, do 20 de decembro de 2007, relativa á franquía do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais das mercadorías importadas por viaxeiros procedentes de países terceiros.

Modifícase tamén o prazo que debe transcorrer para poder proceder á redución da base imponible relativa ás operacións total ou parcialmente incobrables previsto na condición 1.ª do artigo 80.catro da Lei 37/1992, pasando a ser dun ano desde o devengo do imposto repercutido.

Dáselle unha nova redacción ao artigo 97.un.3.º da Lei 37/1992, de forma que se axuste ao momento en que nace o dereito á dedución do IVE correspondente ás importacións e operacións asimiladas de acordo coa normativa vixente, que vincula este momento á realización da operación e non xa ao pagamento das cotas. En igual sentido, axústase o contido do artigo 99.catro da citada lei, adecuando a súa redacción á derogación do artigo 98.dous da lei.

Finalmente, introdúcese diversas modificacións nos artigos 115 e 116 co obxecto de instrumentar o cambio no sistema de devolucións do IVE.

De entrada, o sistema que se mantén como xeral é o de solicitude a final de ano do saldo pendente do cal o contribuínte non se puidese resarcir con anterioridade. Como excepción ao anterior sistema, dispónse a posibilidade, para aqueles contribuíntes que opten por iso, de aplicar un sistema consistente na solicitude do saldo ao seu favor pendente ao final de cada período de liquidación. Os contribuíntes que opten por esta posibilidade deberán liquidar o IVE con periodicidade mensual en todo caso. Esta posibilidade ábrese a calquera contribuínte, con independencia da natureza das súas operacións e do volume destas, con remisión ás condicións, termos, requisitos e procedemento que regulamentariamente se establezan.

O mesmo procedemento se establece cando resulte de aplicación o réxime especial do grupo de entidades, modificándose para o efecto o artigo 163 nonies.catro da Lei 37/1992.

Neste contexto, matízanse as posibilidades de actuación da Administración tributaria cando se solicita unha devolución e o proceder respecto a esta mentres dura a dita actuación.

No imposto xeral indirecto canario, IXIC no sucesivo, introdúcese modificacións paralelas ás relativas ao IVE, co obxecto de manter a coherencia entre ambos os impostos.

Así, especificábase igualmente na norma que ás entidades mercantís se lles presume a condición de empresario ou profesional salvo proba do contrario.

En segundo lugar, actualízanse os supostos de non-suxeición das transmisións globais de patrimonio, de maneira coincidente cos cambios que se realizan na Lei 37/1992, aínda que cun engadido para ter en conta as especificidades do réxime especial do comercio retailista existente no IXIC.

As modificacións citadas supoñen modificacións en paralelo no IVE e no IXIC, aínda que neste non resulte aplicable a xurisprudencia comunitaria ditada en aplicación das normas comunitarias harmonizadoras dos impostos xerais sobre vendas, como sinalou recentemente o mesmo Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas (Auto do 16 de abril de 2008, recaído no Asunto C-186/07).

A seguinte modificación que se introduce efectúase no artigo 14, relativo a exencións nas importacións, en liña coas modificacións realizadas no IVE, aínda que neste caso non haxa directiva que traspor.

Dáselles unha nova redacción aos artigos 31.1.2.º e 32, de forma tal que o dereito á dedución do imposto pagado en importacións naza con ocasión da súa realización e non do pagamento da cota que corresponda. Trátase dunha modificación equivalente á que se efectúa nos artigos 97 e 99 da Lei 37/1992 en relación co IVE.

Modifícase, así mesmo, o prazo que debe transcorrer para poder proceder á redución da base imponible relativa ás operacións total ou parcialmente incobrables previsto na condición 1.ª do artigo 22.7 da Lei 20/1991, que pasa a ser dun ano desde o devengo do imposto repercutido.

Finalmente, introdúcese diversas modificacións nos artigos 45 e 46, co obxecto de instrumentar un cambio equivalente ao novo sistema de devolucións do IVE.

De entrada, o sistema que se mantén como xeral é o de solicitude a final de ano do saldo pendente do cal o contribuínte non se puidese resarcir con anterioridade. Como excepción ao anterior sistema, dispónse a posibilidade, para aqueles contribuíntes que opten por iso, de aplicar un sistema consistente na solicitude do saldo ao seu favor pendente ao final de cada período de liquidación. Os contribuíntes que opten por esta posibilidade deberán liquidar o IXIC con periodicidade mensual en todo caso. Esta posibilidade ábrese a calquera contribuínte, con independencia da natureza das súas operacións e do volume destas, con remisión ás condicións, termos, requisitos e procedemento que regulamentariamente se establezan.

O mesmo procedemento se establece cando resulte de aplicación o réxime especial do grupo de entidades, modificando para o efecto o artigo 58.octies.catro da Lei 20/1991.

Neste contexto, matízanse as posibilidades de actuación da Administración tributaria cando se solicita unha devolución e o proceder respecto a esta mentres dura a dita actuación.

VII

Na normativa do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados introdúcese diversas modificacións, unhas derivadas da necesaria mellora e simplificación da xestión do imposto e outras da transposición da Directiva 7/2008/CE do Consello, do 12 de febreiro de 2008, relativa aos impostos indirectos que gravan a concentración de capitais.

Respecto ao primeiro grupo de medidas, cabe destacar que se cambia o cálculo do valor real das concesións en que se sinalase un canon, prezo, participación ou beneficio mínimo que deba satisfacer o concesionario periodicamente, cando a duración da concesión for superior ao ano, capitalizándose, segundo o prazo da concesión, ao 10 por 100 a cantidade anual que satisfaga o concesionario, para evitar unha capitalización simple como na actualidade, axustando a base á verdadeira realidade destas concesións.

Unha medida importante para mellorar a situación dos particulares no mercado inmobiliario é a relativa ao tratamento fiscal da cesión de créditos ou dereitos de adquisición de inmobles en construción, coñecidos vulgarmente como «pases», cuxa regulación determinaba unha base imponible cuantificada en función do valor total construído dos inmobles, que se modifica para que se axuste ao valor real do inmovible en construción no momento da cesión do dereito privado de compra, o que permitirá a súa transmisión aos actuais contratantes que teñan dificultades para seguir coa adquisición e unha maior flexibilidade a este mercado.

A limitación da base imponible ao valor real que teña o ben no momento da transmisión do crédito ou dereito dirixese especialmente aos supostos de transmisión entre particulares do dereito de adquisición dunha vivenda en construción. É unha modificación necesaria para evitar un gravame impositivo que, sumado ao que se produce polo IVE que satisfai o novo propietario do dereito cando adquiere a vivenda, facía, na práctica, case imposible a transmisión destes dereitos. Tendo en conta a conxuntura actual do mercado inmobiliario, tamén resulta conveniente incentivar a transmisión de dereitos de adquisición de vivenda, considerando especialmente os particulares que compraron tales dereitos cunhas expectativas de evolución dos prezos dos inmobles e de oferta hipotecaria que na actualidade non concorren.

Por outra parte, adécuase a vixente regulación da exención das vivendas de protección oficial (VPO) á situación actual, mediante a agrupación da súa normativa dispersa e cerramento dalgunhas posibilidades de fraude. En concreto, reúnense nun só precepto todos os requisitos para gozar das exencións neste imposto, facilitando así a súa aplicación a este tipo de vivendas. Así mesmo, inclúese, como unha norma de vixencia indefinida, o establecido na disposición transitoria décimo segunda da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

O fomento da vivenda protexida require, como soporte básico, un réxime xurídico tributario facilmente interpretable, que evite problemas de aplicación. Para o cumprimento deste obxectivo clarifícanse os supostos de exención aplicables ao imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados relativos ás vivendas de protección oficial.

A regulación da titulación de activos financeiros iniciouse en España coa promulgación da Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime das sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulación hipotecaria, cinxíndose neste primeiro momento aos créditos hipotecarios mobilizados mediante participacións hipotecarias.

Na dita lei soamente se estableceron os citados fondos de titulación hipotecaria, cualificados por ser patrimonios cerrados sen personalidade xurídica que transformaban fluxos hipotecarios en valores de renda fixa –os denominados bonos de titulación hipotecaria–, co obxectivo principal de contribuir a abaratar os préstamos para adquisición de vivendas, como especificaba no seu preámbulo o referido texto legal.

Dado ese carácter cerrado, que non permite a súa ampliación ou modificación posterior, no ámbito fiscal outorgouse aos ditos fondos a exención da modalidade de operacións societarias do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados no momento da súa constitución.

Posteriormente, ao considerarse que esta regulación resultaba insuficiente para estender ou aplicar o proceso financeiro á titulación doutros créditos diferentes aos de carácter hipotecario, estableceuse no Real decreto lei 3/1993, do 26 de febreiro, sobre medidas urxentes en materias orzamentarias, tributarias, financeiras e de emprego, que o Goberno, co informe previo da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do Banco de España, podía estender o réxime previsto para a titulación de participacións hipotecarias a outros préstamos e dereitos de crédito.

A devandita previsión foi referendada e completada na disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, de adaptación da lexislación española en materia de entidades de crédito á Segunda Directiva de Coordinación Bancaria. Posteriormente, e como consecuencia do financiamento dos resultados da moratoria nuclear, en 1994 promulgouse a Lei 40/1994, do 30 de decembro, de ordeación do sistema eléctrico nacional, norma que regula,

como unha modalidade específica dos fondos de titulación de activos, os denominados «fondos de titulación da moratoria nuclear».

A anterior normativa foi desenvolvida mediante o Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulación, que configurou estes novos fondos de titulación en dous tipos de estruturas, co obxecto de acomodar o esquema de titulación ás diversas clases de fluxos que van entrar no proceso. Así, regúlanse tanto estruturas cerradas –similares aos fondos de titulación hipotecaria– como estruturas abertas, xa sexa polo activo, polo pasivo ou por ambos. Con esta última variedade ábrese paso á titulación de fluxos a curto e medio prazo, moi comúns noutros sistemas financeiros onde se veñen desenvolvendo estes procesos.

O mencionado regulamento estableceu, ademais, que, salvo o disposto nel, aos fondos de titulación de activos se lles aplicarán as regras contidas para os fondos de titulación hipotecaria regulados na citada Lei 19/1992, en tanto resultasen de aplicación, atendendo á súa natureza específica, o que lles serviu ás administracións tributarias competentes das comunidades autónomas para consideralos exentos da modalidade de operacións societarias.

Porén, ningunha das citadas normas legais regulaba os aspectos fiscais relativos aos novos fondos de titulación que a partir de entón se podían constituír, polo que, tendo en conta a identidade de estrutura e fins dos novos fondos de titulación respecto aos fondos de titulación hipotecaria e, sobre todo, que a súa propia esencia é a titulación por pequenas diferenzas entre os activos que conforman estes fondos, é imprescindible, para a existencia e desenvolvemento destes instrumentos financeiros, aínda que fose lóxico entender que estaban exentos da modalidade de operacións societarias, considérase máis acorde co principio de seguranza xurídica establecer nunha norma de rango legal e con efectos retroactivos a exención total destes fondos da modalidade de operacións societarias do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Noutra orde de cosas, introdúcese unha regra de cuantificación do valor dos bens e dereitos no procedemento de comprobación de valores por parte da Administración consistente en fixar o dito valor, cando menos, no prezo ou contraprestación da operación de que se trate, posto que, como mínimo, alcanza tal valor para as partes.

Co fin de simplificar a xestión deste tributo, establécese de forma definitiva que a data do documento privado que prevaleza para efectos de prescrición, conforme o disposto na normativa do imposto, determinará todos os aspectos do réxime xurídico aplicable á liquidación que proceda polo acto ou contrato incorporado a el, o que implica que xa non quedarán dúbidas de que a valoración, a base, o tipo e os demais elementos do tributo que se aplican a este tipo de actos, contratos ou negocios, serán os que estean vixentes na data que se tome para a prescrición.

Así mesmo, co fin de aclarar as competencias das administracións tributarias das comunidades autónomas, modifícase o requisito para inscribir os documentos que sexan obxecto deste imposto, concretando que deben ser presentados na Administración tributaria competente, sen cuxa constatación non poderán ser inscritos no rexistro correspondente, evitándose así calquera intento de elusión do pagamento do imposto.

De forma complementaria á anterior, establécese que a competencia para a aplicación do imposto e o exercicio da potestade sancionadora corresponden á Administración tributaria da comunidade autónoma ou do Estado á cal se atribúa o seu rendemento de acordo cos puntos de conexión aplicables segundo as normas reguladoras da

cesión de impostos ás comunidades autónomas, para aclarar calquera dúbida que se puidese ter a respecto das actuacións con administracións non competentes.

VIII

O Consello da Unión Europea aprobou recentemente a Directiva 2008/7/CE do Consello, do 12 de febreiro de 2008, relativa aos impostos indirectos que gravan a concentración de capitais, que entrou en vigor o día 12 de marzo deste ano, directiva que substitúe a Directiva 69/335/CEE do Consello, do 17 de xullo de 1969, relativa aos impostos indirectos que gravan a concentración de capitais, a cal queda derogada con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2009.

A Directiva 2008/7/CE incide substancialmente nas disposicións legais do dereito interno español que regulan o chamado imposto sobre as achegas de capital, que constitúe a modalidade de operacións societarias do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados regulada no título II, «Operacións societarias», do texto refundido da lei do citado imposto, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, razón pola cal procede a adaptación de diversos preceptos do citado texto refundido.

A Directiva 2008/7/CE establece as operacións que terán a consideración de «achegas de capital», concepto do que se exclúen algunhas operacións que a Directiva 69/335/CEE si consideraba incluídas no dito concepto. Así, desaparecen os feitos impositivos referentes ao traslado dun Estado membro a outro Estado membro da sede da dirección efectiva dunha entidade considerada como sociedade de capital neste último Estado membro, pero non no primeiro, así como ao traslado dun Estado membro a outro Estado membro do domicilio social dunha entidade coa sede da súa dirección efectiva nun país terceiro e considerada sociedade de capital neste último Estado membro, non o estando no outro Estado membro.

A este respecto, o artigo 10 da Directiva 2008/7/CE determina que un Estado membro poderá someter ao imposto sobre as achegas de capital as achegas de capital daquelas sociedades de capital cuxa sede de dirección efectiva estea situada no dito Estado membro no momento en que se realice a achega de capital, ou daquelas que, estando a súa sede de dirección efectiva nun país terceiro, teñan no Estado membro o seu domicilio social. Este precepto tamén dispón que un Estado membro poderá someter ao imposto sobre as achegas de capital a achega de inmovilizado ou de capital circulante a unha sucursal situada nun Estado membro, cando o seu domicilio social e a sede de dirección efectiva se encontren nun país terceiro.

Así mesmo, o artigo 5 determina que os Estados membros non someterán as sociedades de capital a ningunha forma de imposición indirecta, entre outras operacións, polo traslado, dun Estado membro a outro Estado membro, da sede de dirección efectiva ou do domicilio social dunha sociedade de capital, nin as chamadas «operacións de reestruturación» definidas no seu artigo 4.

Esta nova regulación comunitaria obriga a modificar o contido dos preceptos do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados que definen os feitos impositivos da modalidade de operacións societarias deste tributo. Igualmente, a non-suxeición das chamadas operacións de reestruturación á dita modalidade do imposto obriga tamén a modificar os preceptos referentes, respectivamente, ao suxeito pasivo, responsables subsidiarios e base impositiva de operacións societarias, a fin de excluír aquelas. Ademais, resulta necesario modificar o mencionado texto refundido para suprimir, por unha parte, os supostos de exención relativos ás operacións de fusión,

escisión, achega de activos e troco de valores (agora, de reestruturación), que deben converterse en supostos de non-suxeición; e, por outra, para introducir unha exención nas modalidades de transmisións patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados, documentos notariais, aplicable ás operacións de reestruturación e aos traslados da sede de dirección efectiva ou do domicilio social de entidades dun Estado membro a outro que, ao quedaren non suxeitas á modalidade de operacións societarias, poderían quedar sometidas á modalidade de transmisións patrimoniais onerosas ou, de ser o caso, á de actos xurídicos documentados, documentos notariais.

Por último, tamén resulta conveniente derrogar o número 2 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, precepto que contén as referencias sobre as definicións das operacións de fusión e escisión para efectos da modalidade de operacións societarias do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, pois, aínda que se considera oportuno manter as definicións para efectos de operacións societarias na norma legal do imposto sobre sociedades, parece razoable que a referencia se sitúe no texto refundido da lei daquel tributo.

IX

No ámbito dos impostos especiais, modifícase a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, para adaptar a normativa interna á xa citada Directiva 2007/74/CE, disposición comunitaria que mantén os actuais límites cuantitativos establecidos para os elaborados de tabaco, á vez que se modifican os fixados para as bebidas alcohólicas, no relativo ao viño (cuxa franquía pasa de dous a catro litros) e á cervexa (para a cal se establece por primeira vez unha franquía cuantitativa, que se fixa en dezaseis litros).

A circunstancia de que en determinados vehículos cuxa primeira matriculación definitiva en España está suxeita ao imposto especial sobre determinados medios de transporte, unha parte do seu prezo de venda e, por tanto, da base impositiva deste imposto non está formada polo prezo do vehículo en si, senón polo do equipamento propio dunha vivenda, aconsella que, neses casos, se reduza a base impositiva na contía que se estima que representa este equipamento no seu prezo de venda, por non estar directamente asociado á súa capacidade de circulación como vehículo. Polo que se refire aos cuadrí-ciclos lixeiros, tendo en conta as súas pequenas dimensións e as súas conseguintemente reducidas emisións de CO₂, e que as pautas da súa utilización non sexan especialmente prexudiciais para o ambiente, parece conveniente retrotraer a tributación destes vehículos á que tiñan con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008, pola vía de declarar a súa non-suxeición ao IEDMT.

Co obxecto de adecuar á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas a configuración da base impositiva do imposto especial sobre determinados medios de transporte cando é exixible sobre aqueles que xa están usados, modifícase a alínea b) do artigo 69 da Lei 38/1992. A modificación consiste no establecemento dunha minoración do valor de mercado que se toma como base impositiva do medio de transporte na parte daquel que é imputable ao importe residual dos impostos indirectos que terían sido exixibles no caso de que o mesmo medio de transporte tivese sido obxecto de primeira matriculación definitiva en España en estado novo.

Tamén se modifica a citada Lei 38/1992 para establecer niveis de emisións de CO₂ delimitadores das categorías de tributación especificamente aplicables en relación coas motocicletas. Con isto mantense a coherencia da inspiración ambiental da reforma introducida pola Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protec-

ción da atmosfera, á vez que se evita que as motocicletas se vexan favorecidas por unha redución ou desaparición da súa tributación no ámbito do IEDMT que non vaia acompañada dunha redución das súas actuais emisións de CO₂. Ademais, dada a elevada sinistralidade asociada ás motocicletas de potencia igual ou superior a 100 CV (74 kW), sométense todas elas, con independencia das súas emisións de CO₂, ao tipo impositivo máis elevado.

X

Coa finalidade de adaptar á normativa comunitaria a responsabilidade subsidiaria que a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, impón aos axentes e comisionistas de aduanas cando actúan en representación directa, procédese a modificar a alínea e) do número 1 do artigo 43 da dita lei, co obxecto de excluír a débeda aduaneira da responsabilidade subsidiaria que o referido artigo establece, toda vez que do disposto no Código aduaneiro debe entenderse que ao axente de aduanas que actúa en representación directa non se lle pode exixir esta responsabilidade por non ter o carácter de debedor ante a aduana.

Esta exclusión límitase á débeda aduaneira, que é o ámbito afectado pola normativa comunitaria que se adapta, pero non afecta a débeda tributaria correspondente a tributos internos como o imposto sobre o valor engadido ou os impostos especiais, respecto da cal se mantén a responsabilidade subsidiaria de axentes e comisionistas de aduanas que actúen na modalidade de representación directa.

Artigo primeiro. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. O número 3 do artigo 12 queda redactado da seguinte forma:

«3. A dedución en concepto de perdas por deterioración dos valores representativos da participación no capital de entidades que non coticen nun mercado regulado non poderá exceder a diferenza positiva entre o valor dos fondos propios ao inicio e ao cerramento do exercicio, debendo terse en conta as achegas ou devolucións de achegas realizadas nel. Este mesmo criterio aplicarase ás participacións no capital de entidades do grupo, multigrupo e asociadas nos termos da lexislación mercantil.

Para determinar a diferenza a que se refire este número, tomaranse os valores ao cerramento do exercicio sempre que se recollan nos balances formulados ou aprobados polo órgano competente.

Non serán deducibles as perdas por deterioración ou correccións de valor correspondentes á participación en entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, excepto que as ditas entidades consoliden as súas contas coas da entidade que realiza a deterioración no sentido do artigo 42 do Código de comercio, ou cando aquelas residan nun Estado membro da Unión Europea e o suxeito pasivo acredite que a súa constitución e operativa responden a motivos económicos válidos e que realizan actividades empresariais.

Nas condicións establecidas neste número, a referida diferenza será fiscalmente deducible en proporción á participación, sen necesidade da súa imputación contable na conta de perdas e ganancias, cando os valores representen participacións no

capital de entidades do grupo, multigrupo e asociadas nos termos da lexislación mercantil, sempre que o valor da participación, minorado polas cantidades deducidas en períodos impositivos anteriores, exceda o valor dos fondos propios da entidade participada ao cerramento do exercicio que corresponda á participación, corrixido no importe das plusvalías tácitas existentes no momento da adquisición e que subsistan no da valoración. A contía da diferenza deducible non pode superar o importe do referido exceso.

Para estes efectos, os fondos propios determinaranse de acordo co establecido no Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento; a dita diferenza será corrixida, de ser o caso, polos gastos do exercicio que non teñan a condición de fiscalmente deducibles de acordo co establecido nesta lei.

As cantidades deducidas minorarán o valor das ditas participacións, e terán a consideración, para efectos fiscais, de corrección de valor, depreciación ou deterioración da participación. Estas cantidades integraranse como axuste positivo na base imponible do período impositivo en que o valor dos fondos propios ao cerramento do exercicio exceda o do inicio, debendo terse en conta as achegas ou devolucións de achegas realizadas nel, co límite do dito exceso.

Na memoria das contas anuais informarase das cantidades deducidas en cada período impositivo, a diferenza no exercicio dos fondos propios da entidade participada, así como as cantidades integradas na base imponible do período e as pendentes de integrar.

Dos. Os números 1 e 4 do artigo 13 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Non serán deducibles os seguintes gastos:

a) Os derivados de obrigas implícitas ou tácitas.

b) Os relativos a retribucións a longo prazo ao persoal. Non obstante, serán deducibles as contribucións dos promotores de plans de pensións regulados no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, así como as realizadas a plans de previsión social empresarial. As ditas contribucións imputaranse a cada partícipe ou asegurado, na parte correspondente, salvo as realizadas a plans de pensións de maneira extraordinaria por aplicación do artigo 5.3.d) do citado texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. Serán igualmente deducibles as contribucións para a cobertura de contingencias análogas ás dos plans de pensións, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que sexan imputadas fiscalmente ás persoas a que se vinculen as prestacións.

2.º Que se transmita de forma irrevogable o dereito á percepción das prestacións futuras.

3.º Que se transmita a titularidade e a xestión dos recursos en que consistan as ditas contribucións.

Así mesmo, serán deducibles as contribucións efectuadas polas empresas promotoras previstas na Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego, sempre que se cumpran os requisitos anteriores, e as contingencias cubertas sexan as pre-

vistas no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

c) Os concernintes aos custos de cumprimento de contratos que excedan os beneficios económicos que se esperan recibir deles.

d) Os derivados de reestruturacións, excepto se se refiren a obrigas legais ou contractuais e non meramente tácitas.

e) Os relativos ao risco de devolucións de vendas.

f) Os de persoal que correspondan con pagamentos baseados en instrumentos de patrimonio, utilizados como fórmula de retribución aos empregados, tanto se se satisfai en efectivo como mediante a entrega dos ditos instrumentos.

4. Os gastos relativos ás provisións técnicas realizadas polas entidades aseguradoras serán deducibles ata o importe das contías mínimas establecidas polas normas aplicables. Con ese mesmo límite, o importe da dotación no exercicio á reserva de estabilización será deducible na determinación da base imponible, mesmo cando non se integrase na conta de perdas e ganancias. Calquera aplicación da dita reserva integrárase na base imponible do período impositivo en que se produza.

As correccións por deterioración de primas ou cotas pendentes de cobramento serán incompatibles, para os mesmos saldos, coa dotación para a cobertura de posibles insolvencias de debedores.»

Tres. O número 9 do artigo 15 queda redactado da seguinte forma:

«9. Para os efectos de integrar na base imponible as rendas positivas obtidas na transmisión de elementos patrimoniais do activo fixo ou destes elementos que fosen clasificados como activos non correntes mantidos para a venda, que teñan a natureza de bens inmoables, deducirase o importe da depreciación monetaria producida desde o día 1 de xaneiro de 1983, calculada de acordo coas seguintes regras:

a) Multiplicarase o prezo de adquisición ou custo de produción dos bens inmoables transmitidos e as amortizacións acumuladas relativas a aqueles polos coeficientes que se establezan na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado.

b) A diferenza entre as cantidades determinadas pola aplicación do establecido na alínea anterior minorarase no valor contable do elemento patrimonial transmitido.

c) A cantidade resultante da dita operación multiplicarase por un coeficiente determinado por:

1.º No numerador: o patrimonio neto.

2.º No denominador: o patrimonio neto máis pasivo total menos os dereitos de crédito e a tesouraría.

As magnitudes determinantes do coeficiente serán as habidas durante o tempo de tenza do elemento patrimonial transmitido ou nos cinco exercicios anteriores á data da transmisión, se este último prazo for menor, á elección do suxeito pasivo.

O previsto neste parágrafo non se aplicará cando o coeficiente sexa superior a 0,4.»

Catro. O número 1 do artigo 21 queda redactado da seguinte forma:

«1. Estarán exentos os dividendos ou participacións en beneficios de entidades non residentes en territorio español, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a porcentaxe de participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade non residente sexa, cando menos, do cinco por cento.

A participación correspondente deberase posuír de maneira ininterrompida durante o ano anterior ao día en que sexa exixible o beneficio que se distribúa ou, no seu defecto, deberase manter posteriormente durante o tempo necesario para completar o dito prazo. Para o cómputo do prazo terase tamén en conta o período en que a participación fose posuída ininterrompidamente por outras entidades que reúnan as circunstancias a que se refire o artigo 42 do Código de comercio para formar parte do mesmo grupo de sociedades.

b) Que a entidade participada estivese gravada por un imposto estranxeiro de natureza idéntica ou análoga a este imposto no exercicio en que se obtiveron os beneficios que se reparten ou nos que se participa.

Para estes efectos, teranse en conta aqueles tributos estranxeiros que tivesen por finalidade a imposición da renda obtida pola entidade participada, aínda que sexa parcialmente, con independencia de que o obxecto do tributo o constituía a propia renda, os ingresos ou calquera outro elemento indiciario daquela.

Considerarase cumprido este requisito cando a entidade participada sexa residente nun país co que España teña suscrito un convenio para evitar a dobre imposición internacional, que lle sexa de aplicación e que conteña cláusula de intercambio de información.

En ningún caso se aplicará o disposto neste artigo cando a entidade participada sexa residente nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, excepto que resida nun Estado membro da Unión Europea e o suxeito pasivo acredite que a súa constitución e operativa responden a motivos económicos válidos e que realza actividades empresariais.

c) Que os beneficios que se reparten ou nos cales se participa procedan da realización de actividades empresariais no estranxeiro.

Só se considerará cumprido este requisito cando polo menos o 85 por cento dos ingresos do exercicio correspondan a:

1.º Rendas que se obtivesen no estranxeiro e que non estean comprendidas entre aquelas clases de renda a que se refire o número 2 do artigo 107 como susceptibles de ser incluídas na base imponible por aplicación do réxime de transparencia fiscal internacional. En calquera caso, as rendas derivadas da participación nos beneficios doutras entidades, ou da transmisión dos valores ou participacións correspondentes, deberán cumprir os requisitos do parágrafo 2.º seguinte.

En particular, para estes efectos, consideraranse obtidas no estranxeiro as rendas procedentes das seguintes actividades:

1.ª Comercio por xunto, cando os bens sexan postos á disposición dos adquirentes no país ou territorio en que resida a entidade participada ou en calquera outro país ou territorio diferente do español, sempre que as operacións se efectúen a través da organización de medios persoais e materiais de que dispoña a entidade participada.

2.ª Servizos, cando sexan utilizados no país ou territorio en que resida a entidade participada ou en calquera outro país ou territorio diferente do español, sempre que se efectúen a través da organiza-

ción de medios persoais e materiais de que dispoña a entidade participada.

3.^a Crediticias e financeiras, cando os préstamos e créditos sexan outorgados a persoas ou entidades residentes no país ou territorio en que resida a entidade participada ou en calquera outro país ou territorio diferente do español, sempre que as operacións se efectúen a través da organización de medios persoais e materiais de que dispoña a entidade participada.

4.^a Aseguradoras e reaseguradoras, cando os riscos asegurados se encontren no país ou territorio en que resida a entidade participada ou en calquera outro país ou territorio diferente do español, sempre que aquelas se efectúen a través da organización de medios persoais e materiais de que dispoña a entidade participada.

2.^o Dividendos ou participacións en beneficios doutras entidades non residentes respecto das cales o suxeito pasivo teña unha participación indirecta que cumpra os requisitos de porcentaxe e antigüidade previstos na alínea a), cando os referidos beneficios e entidades cumpran, pola súa vez, os requisitos establecidos nas demais alíneas deste número. Así mesmo, rendas derivadas da transmisión da participación nas ditas entidades non residentes, cando se cumpran os requisitos do número seguinte.

Para a aplicación deste artigo, no caso de distribución de reservas atenderase á designación contida no acordo social e, no seu defecto, consideraranse aplicadas as últimas cantidades aboadas ás ditas reservas.»

Cinco. O número 4 do artigo 30 queda redactado da seguinte forma:

«4. A dedución prevista nos números anteriores non se aplicará respecto das seguintes rendas:

a) As derivadas da redución do capital ou da distribución da prima de emisión de accións ou participacións, sen prexuízo do previsto no último parágrafo do número anterior.

Cando conxuntamente coas operacións referidas no parágrafo anterior se produza a distribución de dividendos ou participacións en beneficios, aplicarase a dedución sobre eles de acordo coas normas establecidas neste artigo.

b) As previstas nos números anteriores, cando con anterioridade á súa distribución se tiver producido unha redución de capital para constituír reservas ou compensar perdas, o traspaso da prima de emisión a reservas, ou unha achega dos socios para repor o patrimonio, ata o importe da redución, traspaso ou achega.

O disposto no parágrafo anterior non se aplicará respecto das rendas distribuídas que se integrasen na base imponible sen se ter producido respecto daquelas a compensación de bases impositivas negativas, excepto que a non-compensación derivase do previsto no número 2 do artigo 25 desta lei.

c) As distribuídas polo fondo de regulación de carácter público do mercado hipotecario.

d) Os dividendos ou participacións en beneficios que correspondan a accións ou participacións adquiridas dentro dos dous meses anteriores á data en que aqueles se satisfixesen cando con posterioridade a esta data, dentro do mesmo prazo, se produza unha transmisión de valores homoxéneos.

e) Cando a distribución do dividendo ou a participación en beneficios non determine a integración de renda na base imponible ou cando a dita distribu-

ción produciuse unha perda por deterioración do valor da participación. Neste caso a reversión da deterioración do valor da participación non se integrará na base imponible.

O disposto no parágrafo anterior non se aplicará:

1.^o Cando o suxeito pasivo probe que un importe equivalente á perda por deterioración do valor da participación se integrou na base imponible do imposto sobre sociedades tributando a algún dos tipos de gravame previstos nos números 1, 2 e 7 do artigo 28 ou no artigo 114 desta lei, en concepto de renda obtida polas sucesivas entidades propietarias da participación con ocasión da súa transmisión, e que a dita renda non tivese dereito á dedución por dobre imposición interna de plusvalías.

Neste suposto, cando as anteriores entidades propietarias da participación tiveren aplicado ás rendas por elas obtidas con ocasión da súa transmisión a dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios, a dedución será do 18 por cento do importe do dividendo ou da participación en beneficios.

A dedución practicarase parcialmente cando a proba a que se refire esta alínea e) teña carácter parcial.

2.^o Cando o suxeito pasivo probe que un importe equivalente á deterioración do valor da participación se integrou na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, en concepto de renda obtida polas sucesivas persoas físicas propietarias da participación, coa ocasión da súa transmisión. A dedución practicarase parcialmente cando a proba a que se refire esta alínea e) teña carácter parcial.

Neste suposto, a dedución non poderá exceder o importe resultante de aplicar ao dividendo ou á participación en beneficios o tipo de gravame que no imposto sobre a renda das persoas físicas corresponde ás ganancias patrimoniais integradas na parte especial da base imponible ou na do aforro, para o caso de transmisións realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2007.

No caso de que o dividendo ou participación en beneficios non determine a integración de renda na base imponible por non ter a consideración de ingreso, procederá aplicar a dedución cando o suxeito pasivo probe que un importe equivalente a ese dividendo ou participación en beneficios se integrou na base imponible das persoas ou entidades propietarias anteriores da participación, nos termos establecidos nesta alínea e).

f) Os dividendos ou participacións en beneficios correspondentes a entidades da Zona Especial Canaria procedentes de beneficios que tributasen aos tipos indicados no número 8 do artigo 28 desta lei. Para estes efectos, considerarase que as rendas recibidas proceden en primeiro lugar dos ditos beneficios.»

Seis. O número 5 do artigo 32 queda redactado da seguinte forma:

«5. Non se integrará na base imponible do suxeito pasivo que percibe os dividendos ou a participación en beneficios a perda por deterioración do valor da participación derivada da distribución dos beneficios, calquera que sexa a forma e o período impositivo en que a dita perda se poña de manifesto, excepto que o importe dos citados beneficios tributase en España a través de calquera transmisión da participación.

No caso de que o dividendo ou participación en beneficios non determine a integración de renda na base imponible por non ter a consideración de ingreso, procederá aplicar a dedución cando o suxeito pasivo probe que un importe equivalente a ese dividendo ou participación en beneficios tributo en España a través de calquera transmisión da participación, nos termos establecidos neste artigo. O límite a que se refire o número 3 deste artigo calcularase atendendo á cota íntegra que resultaría da integración na base imponible do dividendo ou participación en beneficios.»

Sete. Os números 1, 2, 3 e 4 do artigo 35 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Dedución por actividades de investigación e desenvolvemento.

A realización de actividades de investigación e desenvolvemento dará dereito a practicar unha dedución da cota íntegra, nas condicións establecidas neste número.

a) Concepto de investigación e desenvolvemento.

Considerarase investigación a indagación orixinal planificada que persiga descubrir novos coñecementos e unha superior comprensión no ámbito científico e tecnolóxico, e desenvolvemento, a aplicación dos resultados da investigación ou de calquera outro tipo de coñecemento científico para a fabricación de novos materiais ou produtos ou para o deseño de novos procesos ou sistemas de produción, así como para a mellora tecnolóxica substancial de materiais, produtos, procesos ou sistemas preexistentes.

Considerarase tamén actividade de investigación e desenvolvemento a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, así como a creación dun primeiro prototipo non comercializable e os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto, sempre que estes non poidan converterse ou utilizarse para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

Así mesmo, considerarase actividade de investigación e desenvolvemento o deseño e elaboración da mostraxe para o lanzamento de novos produtos. Para estes efectos, entenderase como lanzamento dun novo produto a súa introdución no mercado e como novo produto, aquel cuxa novidade sexa esencial e non meramente formal ou accidental.

Tamén se considerará actividade de investigación e desenvolvemento a concepción de software avanzado, sempre que supoña un progreso científico ou tecnolóxico significativo mediante o desenvolvemento de novos teoremas e algoritmos ou mediante a creación de sistemas operativos e linguaxes novas, ou sempre que estea destinado a lles facilitar ás persoas discapacitadas o acceso aos servizos da sociedade da información. Non se inclúen as actividades habituais ou rutineiras relacionadas co software.

b) Base da dedución.

A base da dedución estará constituída polo importe dos gastos de investigación e desenvolvemento e, de ser o caso, polos investimentos en elementos de inmovilizado material e intanxible, excluídos os inmoables e terreos.

Consideraranse gastos de investigación e desenvolvemento os realizados polo suxeito pasivo, incluídas as amortizacións dos bens afectos ás citadas actividades, en canto estean directamente relacionados coas ditas actividades e se apliquen efectivamente á

realización destas, constando especificamente individualizados por proxectos.

A base da dedución minorarase no 65 por cento das subvencións recibidas para o fomento das ditas actividades e imputables como ingreso no período impositivo.

Os gastos de investigación e desenvolvemento que integran a base da dedución deben corresponder a actividades efectuadas en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

Igualmente, terán a consideración de gastos de investigación e desenvolvemento as cantidades pagadas para a realización das ditas actividades en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, por encargo do suxeito pasivo, individualmente ou en colaboración con outras entidades.

Os investimentos entenderanse realizados cando os elementos patrimoniais sexan postos en condicións de funcionamento.

c) Porcentaxes de dedución.

1.º O 30 por cento dos gastos efectuados no período impositivo por este concepto.

No caso de que os gastos efectuados na realización de actividades de investigación e desenvolvemento no período impositivo sexan maiores que a media dos efectuados nos dous anos anteriores, aplicarase a porcentaxe establecida no parágrafo anterior ata a dita media, e o 50 por cento sobre o exceso respecto desta.

Ademais da dedución que proceda conforme o disposto nos parágrafos anteriores practicarase unha dedución adicional do 20 por cento do importe dos gastos de persoal da entidade correspondentes a investigadores cualificados adscritos en exclusiva a actividades de investigación e desenvolvemento.

2.º O 10 por cento dos investimentos en elementos de inmovilizado material e intanxible, excluídos os inmoables e terreos, sempre que estean afectos exclusivamente ás actividades de investigación e desenvolvemento.

A dedución establecida no parágrafo anterior será compatible coa prevista no artigo 42 desta lei e incompatible para os mesmos investimentos coas restantes deducións previstas nos demais artigos deste capítulo.

Os elementos en que se materialice o investimento deberán permanecer no patrimonio do suxeito pasivo, salvo perdas xustificadas, ata que cumpran a súa finalidade específica nas actividades de investigación e desenvolvemento, excepto que a súa vida útil conforme o método de amortización, admitido na alínea a) do número 1 do artigo 11, que se aplique, for inferior.

2. Dedución por actividades de innovación tecnolóxica.

A realización de actividades de innovación tecnolóxica dará dereito a practicar unha dedución da cota íntegra nas condicións establecidas neste número.

a) Concepto de innovación tecnolóxica.

Considerarase innovación tecnolóxica a actividade cuxo resultado sexa un avance tecnolóxico na obtención de novos produtos ou procesos de produción ou melloras substanciais dos xa existentes. Consideraranse novos aqueles produtos ou procesos cuxas características ou aplicacións, desde o punto de vista tecnolóxico, difiran substancialmente das existentes con anterioridade.

Esta actividade incluíra a materialización dos novos produtos ou procesos nun plano, esquema ou deseño, a creación dun primeiro prototipo non comercializable, os proxectos de demostración inicial ou proxectos piloto e as mostraxes téxtiles, da industria do calzado, do curtume, da marroquinaría, do xoguete, do moble e da madeira, sempre que non poidan converterse ou utilizarse para aplicacións industriais ou para a súa explotación comercial.

b) Base da dedución.

A base da dedución estará constituída polo importe dos gastos do período en actividades de innovación tecnolóxica que correspondan aos seguintes conceptos:

1.º Actividades de diagnóstico tecnolóxico tendentes á identificación, á definición e á orientación de solucións tecnolóxicas avanzadas, con independencia dos resultados en que culminen.

2.º Deseño industrial e enxeñaría de procesos de produción, que incluíran a concepción e a elaboración dos planos, debuxos e soportes destinados a definir os elementos descritivos, especificacións técnicas e características de funcionamento necesarios para a fabricación, proba, instalación e utilización dun produto, así como a elaboración de mostraxes téxtiles, da industria do calzado, do curtume, da marroquinaría, do xoguete, do moble e da madeira.

3.º Adquisición de tecnoloxía avanzada en forma de patentes, licenzas, «know-how» e deseños. Non darán dereito á dedución as cantidades satisfeitas a persoas ou entidades vinculadas ao suxeito pasivo. A base correspondente a este concepto non poderá superar a contía dun millón de euros.

4.º Obtención do certificado de cumprimento das normas de aseguramento da calidade da serie ISO 9000, GMP ou similares, sen incluír aqueles gastos correspondentes á implantación das ditas normas.

Considéranse gastos de innovación tecnolóxica os realizados polo suxeito pasivo en canto estean directamente relacionados coas ditas actividades, se apliquen efectivamente á realización destas e consten especificamente individualizados por proxectos.

Os gastos de innovación tecnolóxica que integran a base da dedución deben corresponder a actividades efectuadas en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.

Igualmente, terán a consideración de gastos de innovación tecnolóxica as cantidades pagadas para a realización das ditas actividades en España ou en calquera Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, por encargo do suxeito pasivo, individualmente ou en colaboración con outras entidades.

Para determinar a base da dedución, o importe dos gastos de innovación tecnolóxica minorarase no 65 por cento das subvencións recibidas para o fomento das ditas actividades e imputables como ingreso no período impositivo.

c) Porcentaxe de dedución.

O 10 por cento dos gastos efectuados no período impositivo por este concepto.

3. Exclusiones.

Non se considerarán actividades de investigación e desenvolvemento nin de innovación tecnolóxica as consistentes:

a) Nas actividades que non impliquen unha novidade científica ou tecnolóxica significativa. En particular, os esforzos rutineiros para mellorar a calidade de produtos ou procesos, a adaptación dun produto ou proceso de produción xa existente aos requisitos específicos impostos por un cliente, os cambios periódicos ou de temporada, excepto as mostraxes téxtiles e da industria do calzado, do curtume, da marroquinaría, do xoguete, do moble e da madeira, así como as modificacións estéticas ou menores de produtos xa existentes para diferenciarlos doutros similares.

b) Nas actividades de produción industrial e provisión de servizos ou de distribución de bens e servizos. En particular, a planificación da actividade produtiva: a preparación e o inicio da produción, incluíndo o axuste de ferramentas e aquelas outras actividades distintas das descritas na letra b) do número anterior; a incorporación ou modificación de instalacións, máquinas, equipamentos e sistemas para a produción que non estean afectados a actividades cualificadas como de investigación e desenvolvemento ou de innovación; a solución de problemas técnicos de procesos produtivos interrompidos; o control de calidade e a normalización de produtos e procesos; a prospección en materia de ciencias sociais e os estudos de mercado; o establecemento de redes ou instalacións para a comercialización; o adestramento e a formación do persoal relacionada coas ditas actividades.

c) A exploración, sondaxe ou prospección de minerais e hidrocarburos.

4. Aplicación e interpretación da dedución.

a) Para a aplicación da dedución regulada neste artigo, os suxeitos pasivos poderán presentar un informe motivado emitido polo Ministerio de Ciencia e Innovación, ou por un organismo adscrito a este, relativo ao cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos exixidos na letra a) do número 1 deste artigo para cualificar as actividades do suxeito pasivo como investigación e desenvolvemento, ou na letra a) do seu número 2, para cualificalas como innovación, tendo en conta en ambos os casos o establecido no número 3. Tal informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.

b) O suxeito pasivo poderán presentar consultas sobre a interpretación e aplicación da presente dedución, cuxa contestación terá carácter vinculante para a Administración tributaria, nos termos previstos nos artigos 88 e 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Para estes efectos, os suxeitos pasivos poderán presentar un informe motivado emitido polo Ministerio de Ciencia e Innovación, ou por un organismo adscrito a este, relativo ao cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos exixidos na letra a) do número 1 deste artigo para cualificar as actividades do suxeito pasivo como investigación e desenvolvemento, ou na letra a) do seu número 2, para cualificalas como innovación tecnolóxica, tendo en conta en ambos os casos o establecido no número 3. Tal informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.

c) Igualmente, para efectos de aplicar a presente dedución, o suxeito pasivo poderán solicitar á Administración tributaria a adopción de acordos previos de valoración dos gastos e investimentos correspondentes a proxectos de investigación e desenvolvemento ou de innovación tecnolóxica, conforme o previsto no artigo 91 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Para estes efectos, os suxeitos pasivos poderán presentar un informe motivado emitido polo Ministerio de Ciencia e Innovación, ou por un organismo adscrito a este, relativo ao cumprimento dos requisitos científicos e tecnolóxicos exixidos na letra a) do número 1 deste artigo, para cualificar as actividades do suxeito pasivo como investigación e desenvolvemento, ou na letra a) do seu número 2, para cualificarlas como innovación tecnolóxica, tendo en conta en ambos os casos o establecido no número 3, así como á identificación dos gastos e investimentos que poidan ser imputados ás ditas actividades. Tal informe terá carácter vinculante para a Administración tributaria.»

Oito. A alínea a) do número 1 do artigo 81 queda redactada da seguinte forma:

«a) As eliminacións pendentes de incorporación integraranse na base imponible do grupo fiscal correspondente ao último período impositivo en que sexa aplicable o réxime de consolidación fiscal.

O anterior non se aplicará cando a entidade dominante adquira a condición de sociedade dependente doutro grupo fiscal que estea tributando en réxime de consolidación fiscal ou sexa absorbida por algunha sociedade dese outro grupo nun proceso de fusión acollida ao réxime especial establecido no capítulo VIII do título VII desta lei, no cal se integran todas as súas sociedades dependentes en ambos os casos. Os resultados eliminados incorporaranse á base imponible dese outro grupo fiscal nos termos establecidos no artigo 73 desta lei.»

Nove. O número 3 do artigo 89 queda redactado da seguinte forma:

«3. Os bens adquiridos valoraranse, para efectos fiscais, de acordo co establecido no artigo 85 desta lei.

Non obstante, cando a entidade adquirente participe no capital da entidade transmitente en, polo menos, un cinco por cento, o importe da diferenza entre o prezo de adquisición da participación e os fondos propios imputarase aos bens e dereitos adquiridos, aplicando o método de integración global establecido no artigo 46 do Código de comercio e demais normas de desenvolvemento, e a parte daquela diferenza que non fose imputada será fiscalmente deducible da base imponible, co límite anual máximo da vinteaava parte do seu importe, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a participación non fose adquirida a persoas ou entidades non residentes en territorio español ou a persoas físicas residentes en territorio español, ou a unha entidade vinculada cando esta última, pola súa vez, adquiriu a participación ás referidas persoas ou entidades.

O requisito previsto nesta alínea a) entenderase cumprido:

1.º Tratándose dunha participación adquirida a persoas ou entidades non residentes en territorio español ou a unha entidade vinculada coa entidade adquirente que, pola súa vez, adquiriu a participación das referidas persoas ou entidades, cando o importe da diferenza mencionada no parágrafo anterior tributou en España a través de calquera transmisión da participación.

Igualmente procederá a dedución da indicada diferenza cando o suxeito pasivo probe que un importe equivalente a esta tributou efectivamente noutro Estado membro da Unión Europea, en concepto de beneficio obtido con ocasión da transmisión da participación, soportando un gravame equi-

valente ao que tería resultado de aplicar este imposto, sempre que o transmitente non resida nun país ou territorio considerado como paraíso fiscal.

2.º Tratándose dunha participación adquirida a persoas físicas residentes en territorio español ou a unha entidade vinculada cando esta última, pola súa vez, adquiriu a participación das referidas persoas físicas, cando se probe que a ganancia patrimonial obtida polas ditas persoas físicas se integrou na base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Que a entidade adquirente e a transmitente non formen parte dun grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas.

O requisito previsto nesta alínea b) non se aplicará respecto do prezo de adquisición da participación satisfeito pola persoa ou entidade transmitente cando, pola súa vez, a tivese adquirido de persoas ou entidades non vinculadas residentes en territorio español.

Cando se cumpran os requisitos a) e b) anteriores, a valoración que resulte da parte imputada aos bens do activo fixo adquirido terá efectos fiscais. Será deducible da base imponible, no caso de bens amortizables, a amortización contable da dita parte imputada, nos termos previstos no artigo 11, e será igualmente aplicable a dedución establecida nos números 6 e 7 do artigo 12 desta lei.

Cando se cumpra o requisito a), pero non se cumpra o establecido na alínea b) anterior, as dotacións para a amortización da diferenza entre o prezo de adquisición da participación e os fondos propios serán deducibles se se proba que responden a unha depreciación irreversible.»

Dez. O número 15 do artigo 107 queda redactado da seguinte forma:

«15. O previsto neste artigo non será de aplicación cando a entidade non residente en territorio español sexa residente noutro Estado membro da Unión Europea, sempre que o suxeito pasivo acredite que a súa constitución e operativa responde a motivos económicos válidos e que realiza actividades empresariais.»

Once. Derrógase o número 2 da disposición adicional segunda.

Doce. Engádesse unha disposición adicional décimo primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo primeira. *Liberdade de amortización con mantemento de emprego.*

1. Os investimentos en elementos novos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios afectos a actividades económicas, postos á disposición do suxeito pasivo nos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009 e 2010, poderán ser amortizados libremente sempre que, durante os vinte e catro meses seguintes á data de inicio do período impositivo en que os elementos adquiridos entren en funcionamento, o cadro de persoal medio total da entidade se manteña respecto do cadro de persoal medio dos doce meses anteriores. A dedución non estará condicionada á súa imputación contable na conta de perdas e ganancias.

Este réxime tamén se aplicará aos ditos investimentos realizados mediante contratos de arrendamento financeiro que cumpran as condicións establecidas no artigo 115 desta lei, por suxeitos pasivos que determinen a súa base imponible polo réxime

de estimación directa, coa condición de que se exerza a opción de compra.

2. O establecido no número anterior non será de aplicación aos investimentos cuxa posta á disposición teña lugar dentro dos períodos impositivos establecidos no dito número, que correspondan a elementos novos encargados en virtude de contratos de execución de obras ou proxectos de investimento cuxo período de execución, en ambos os casos, requira un prazo superior a dous anos entre a data de encargo ou de inicio do investimento e a data da súa posta á disposición ou en funcionamento. Non obstante, nestes casos, a liberdade de amortización a que se refire o número anterior aplicarase exclusivamente sobre o investimento en curso realizado dentro dos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009 e 2010.

3. Tratándose de investimentos correspondentes a elementos encargados en virtude de contratos de execución de obras ou proxectos de investimento cuxo período de execución, en ambos os casos, requira un prazo superior a dous anos entre a data de encargo ou de inicio do investimento e a data da súa posta á disposición ou en funcionamento, aínda que estas últimas se produzan con posterioridade aos períodos indicados no número primeiro, a liberdade de amortización aplicarase exclusivamente sobre o investimento en curso realizado dentro dos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009 e 2010.»

Trece. Engádesse unha disposición transitoria vixésimo sexta, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésimo sexta. *Réxime fiscal dos axustes contables pola primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade.*

1. Os cargos e aboamentos a partidas de reservas que teñan a consideración de gastos ou ingresos, respectivamente, como consecuencia da primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, ou do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, integraranse na base imponible do primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2008 de acordo co establecido nesta lei.

Para estes efectos, consideraranse gastos e ingresos, respectivamente, os decrementos e incrementos no patrimonio neto descritos no artigo 36.2 do Código de comercio, polo que non terá a consideración de gasto a baixa da partida relativa a instrumentos de patrimonio propio.

Non terán efectos fiscais os referidos cargos e aboamentos a reservas que estean relacionados con gastos, que non foron dotacións a provisións, ou con ingresos, devengados e contabilizados de acordo cos principios e normas contables vixentes nos períodos impositivos iniciados antes da dita data, sempre que se tivesen integrado na base imponible dos ditos períodos. Neste caso, non se integrarán na base imponible eses mesmos gastos ou ingresos contabilizados de novo con ocasión do seu devengo segundo os criterios contables establecidos nas referidas normas.

2. O establecido no número anterior aplicarase aos axustes cuxa contrapartida sexa unha partida de reservas derivados da aplicación do Plan xeral de contabilidade, do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e do abandono dos criterios específicos aplicables polas microempres-

as, consecuencia do establecido na disposición adicional única do Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, e as disposicións adicionais primeira e segunda do Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro.»

Catorce. Engádesse unha disposición transitoria vixésimo sétima, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésimo sétima. *Réxime fiscal dos axustes contables pola primeira aplicación das novas normas contables das entidades aseguradoras.*

1. O establecido na disposición transitoria vixésimo sexta desta lei será de aplicación aos axustes contables que as entidades aseguradoras deban realizar como consecuencia de aplicar os novos criterios contables que resulten aprobados para efectos da súa adaptación ao novo marco contable, e terá efectos na base imponible do período impositivo correspondente ao exercicio en que deban realizarse tales axustes.

2. Non se integrará na base imponible o importe do aboamento a reservas derivado da baixa da provisión de estabilización.

3. O establecido no artigo 15.1 desta lei, sobre revalorizacións contables, será de aplicación á revalorización dos inmobles ao seu valor razoable na data de transición ao novo marco contable.»

Quince. Engádesse unha disposición transitoria vixésimo oitava, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición transitoria vixésimo oitava. *Integración na base imponible dos axustes contables pola primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade.*

1. Os cargos e aboamentos a contas de reservas, en canto teñan efectos fiscais de acordo co establecido na disposición transitoria vixésimo sexta desta lei, computaranse conxuntamente coa cantidade deducida no primeiro período impositivo iniciado a partir do 1 de xaneiro de 2008 pola aplicación do establecido na disposición transitoria vixésimo novena desta lei. O suxeito pasivo poderá optar por integrar o saldo neto, positivo ou negativo, que resultase do dito cómputo, por partes iguais na base imponible correspondente a cada un dos tres primeiros períodos impositivos que se inicien a partir da dita data.

Cando algún deses aboamentos se correspondan con provisións por depreciación da participación tida no capital doutras entidades e nalgún deses períodos impositivos se produxese unha corrección de valor desa participación fiscalmente deducible nos termos establecidos no número 3 do artigo 12 desta lei que non se computase para calcular o saldo a que se refire o parágrafo anterior, integrarase na base imponible como axuste positivo, ademais, un importe equivalente á dita corrección de valor, ata completar o dito saldo e, no seu defecto, o saldo que reste distribuírse por partes iguais entre os restantes períodos impositivos.

Así mesmo, cando algún deses aboamentos a reservas se corresponda con diferenzas de cambio en moeda estranxeira positiva, a integración realízase de acordo co establecido no primeiro parágrafo deste número. Non obstante, o saldo do dito aboamento pendente de integración incorporárase na base imponible daquel período impositivo a que se refire o dito parágrafo, en que venzan ou se cancelen os bens ou dereitos de que proceda a dita diferenza de cambio.

Da mesma maneira, a incorporación do saldo pendente de integración tamén procederá no período impositivo en que cause baixa do balance calquera elemento.

No caso de extinción do suxeito pasivo dentro dese prazo, o saldo pendente integrarase na base imponible do último período impositivo.

Na memoria das contas anuais dos exercicios correspondentes aos citados períodos impositivos deberá mencionarse o importe do dito saldo, así como as cantidades integradas na base imponible e as pendentes de integrar.

2. O establecido no número anterior tamén se aplicará aos axustes contables pola primeira aplicación das novas normas contables das entidades aseguradoras, a que se refire a disposición transitoria vixésimo sétima desta lei. A integración realizárase por partes iguais na base imponible do período impositivo correspondente ao exercicio en que deban realizarse tales axustes e nos dous períodos impositivos inmediatos seguintes.»

Dezaseis. Engádese unha disposición transitoria vixésimo novena, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria vixésimo novena. *Cálculo para o período impositivo 2008 das correccións de valor de participacións no capital doutras entidades.*

Con efectos exclusivos para o primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2008, para determinar a base imponible do dito período poderase deducir, sen necesidade de imputación contable na conta de perdas e ganancias, a diferenza positiva que resulte de aplicar o establecido no número 3 do artigo 12 desta lei, para o cal se computarán os fondos propios ao inicio do exercicio en que se adquiriu a participación e os fondos propios ao cerramento do primeiro exercicio iniciado en 2008, co límite e demais condicións establecidas no dito precepto, sempre que a parte desa diferenza imputable a períodos impositivos iniciados antes da citada data se corresponda con provisións fiscalmente deducibles nos ditos períodos e que se aboan a contas de reservas con ocasión da primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, ou do Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, aprobado polo Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro.»

Artigo segundo. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo:

Un. Engádese un segundo parágrafo á alínea a) do número 4 do artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«Non obstante, a dita obriga de declaración non será de aplicación aos rendementos a que se refire o artigo 14.d).»

Dous. Derrógase o artigo 33.

Tres. Modifícase o número 5 e engádese un número 6 na disposición adicional primeira, que quedan redactados da seguinte forma:

«5. Durante a tramitación dos procedementos amigables non se devengarán xuros de demora.

6.1.º Nos procedementos amigables, o ingreso da débeda quedará suspendido automaticamente a instancias do interesado cando se garanta o seu importe e as recargas que puideren proceder no momento da solicitude da suspensión, nos termos que regulamentariamente se establezan.

Non se poderá suspender o ingreso da débeda, de acordo co previsto no parágrafo anterior, mentres se poida solicitar a suspensión en vía administrativa ou xurisdiccional.

2.º As garantías admisibles para obter a suspensión automática a que se refire o número anterior serán exclusivamente as seguintes:

a) Depósito de diñeiro ou valores públicos.

b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.

3.º Se os procedementos amigables non se refiren á totalidade da débeda, a suspensión prevista neste número limitarase ao importe afectado polos procedementos amigables.»

Artigo terceiro. *Modificación da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio:

Un. O artigo 33 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Bonificación xeral da cota íntegra.*

Sobre a cota íntegra do imposto aplicarase unha bonificación do 100 por cento aos suxeitos pasivos por obriga persoal ou real de contribuir.»

Dous. Derróganse os artigos 6, 36, 37 e 38, e a disposición transitoria.

Artigo cuarto. *Bonificación no imposto sobre actividades económicas para o transporte por estrada para o ano 2008.*

1. Aplicarase unha bonificación do 50 por cento nas cotas do imposto sobre actividades económicas correspondente ao ano 2008 para as actividades clasificadas nos grupos 721 e 722 da sección primeira das tarifas aprobadas polo Real decreto lexislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, de ser o caso, as bonificacións a que se refire o artigo 88 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. A diminución de ingresos que o disposto no número anterior produza nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

As compensacións correspondentes á bonificación nas cotas municipais do imposto sobre actividades económicas e á recarga provincial aplicables sobre elas recoñeceranse logo de solicitude de cada concello ou deputación afectados, xunto coa documentación que, de ser o caso, requira o Ministerio de Economía e Facenda.

As compensacións pola bonificación nas cotas provinciais e nacionais serán recoñecidas de oficio polo Ministerio de Economía e Facenda, conforme a información que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria, e axustaranse temporalmente aos procesos de distribución

daquelas, asignándose en proporción ás cotas a que correspondan.

3. No momento da entrada en vigor desta lei, as cotas correspondentes a 2008 liquidadas sen a bonificación prevista neste artigo entenderanse automaticamente reducidas con efectos desde o momento da súa liquidación nun 50 por cento, sen necesidade de ningún acto expreso que así o declare, e sen que, con tal motivo, se altere nin a validez e eficacia nin a situación de exixibilidade das liquidacións pola parte non reducida.

Se como consecuencia da citada redución proceder efectuar algunha devolución de ingresos, esta acordarase sen máis trámite e executarase de forma inmediata.

Artigo quinto. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. O número dous do artigo 4 queda redactado da seguinte forma:

«Dous. Entenderanse realizadas no desenvolvemento dunha actividade empresarial ou profesional:

a) As entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas polas sociedades mercantís, cando teñan a condición de empresario ou profesional.

b) As transmisións ou cesións de uso a terceiros da totalidade ou parte de calquera dos bens ou dereitos que integren o patrimonio empresarial ou profesional dos suxeitos pasivos, incluso as efectuadas con ocasión do cesamento no exercicio das actividades económicas que determinan a suxeición ao imposto.»

Dous. O número un do artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

«Un. Para os efectos do disposto nesta lei, reputaranse empresarios ou profesionais:

a) As persoas ou entidades que realicen as actividades empresariais ou profesionais definidas no número seguinte deste artigo.

Non obstante, non terán a consideración de empresarios ou profesionais os que realicen exclusivamente entregas de bens ou prestacións de servizos a título gratuíto, sen prexuízo do establecido na alínea seguinte.

b) As sociedades mercantís, salvo proba en contrario.

c) Os que realicen unha ou varias entregas de bens ou prestacións de servizos que supoñan a explotación dun ben corporal ou incorporal co fin de obter ingresos continuados no tempo.

En particular, terán a dita consideración os arrendadores de bens.

d) Os que efectúen a urbanización de terreos ou a promoción, construción ou rehabilitación de edificacións destinadas, en todos os casos, á súa venda, adxudicación ou cesión por calquera título, aínda que sexa ocasionalmente.

e) Os que realicen a título ocasional as entregas de medios de transporte novos exentas do imposto en virtude do disposto no artigo 25, números un e dous desta lei.

Os empresarios ou profesionais a que se refire esta alínea só terán a dita condición para os efectos das entregas dos medios de transporte que nela se comprenden.»

Tres. O número 1.º do artigo 7 queda redactado da seguinte forma:

«1.º A transmisión dun conxunto de elementos corporais e, de ser o caso, incorporais que, formando parte do patrimonio empresarial ou profesional do suxeito pasivo, constitúan unha unidade económica autónoma capaz de desenvolver unha actividade empresarial ou profesional polos seus propios medios, con independencia do réxime fiscal que á dita transmisión lle resulte de aplicación no ámbito doutros tributos e do procedente conforme o disposto no artigo 4, número catro, desta lei.

Quedarán excluídas da non-suxeición a que se refire o parágrafo anterior as seguintes transmisións:

a) (suprimida).

b) As realizadas polos que teñan a condición de empresario ou profesional exclusivamente conforme o disposto polo artigo 5, número un, letra c) desta lei, cando as ditas transmisións teñan por obxecto a mera cesión de bens.

Para estes efectos, considerarase como mera cesión de bens a transmisión de bens arrendados cando non vaia acompañada dunha estrutura organizativa de factores de produción materiais e humanos, ou dun deles, que permita considerala constitutiva dunha unidade económica autónoma.

c) As efectuadas polos que teñan a condición de empresario ou profesional exclusivamente pola realización ocasional das operacións a que se refire o artigo 5, número un, alínea d) desta lei.

Para os efectos do disposto neste número, resultará irrelevante que o adquirente desenvolva a mesma actividade a que estaban afectos os elementos adquiridos ou outra diferente, sempre que o adquirente acredite a intención de manter a dita afectación ao desenvolvemento dunha actividade empresarial ou profesional.

No caso de que os bens e dereitos transmitidos, ou parte deles, se desafecten posteriormente das actividades empresariais ou profesionais que determinan a non-suxeición prevista neste número, a referida desafectación quedará suxeita ao imposto na forma establecida para cada caso nesta lei.

Os adquirentes dos bens e dereitos comprendidos nas transmisións que se beneficien da non-suxeición establecida neste número subrogaranse, respecto dos ditos bens e dereitos, na posición do transmitente en canto á aplicación das normas contidas no artigo 20, número un, número 22.º e nos artigos 92 a 114 desta lei.»

Catro. O artigo 34 queda redactado da seguinte forma:

«Estarán exentas do imposto as importacións de bens cuxo valor global non exceda 150 euros.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior:

1.º Os produtos alcohólicos comprendidos nos códigos NC 22.03 a 22.08 do Arancel Aduaneiro.

2.º Os perfumes e augas de colonia.

3.º O tabaco en rama ou manufacturado.»

Cinco. O artigo 35 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 35. *Importacións de bens en réxime de viaxeiros.*

Un. Estarán exentas do imposto sobre o valor engadido as importacións dos bens contidos nas equipaxes persoais dos viaxeiros procedentes de países terceiros, coas limitacións e requisitos que se indican a seguir:

1.º Que as mencionadas importacións non teñan carácter comercial, nos termos previstos no artigo 21, número 2.º, letra A), alínea d).

2.º Que o valor global dos citados bens non exceda, por persoa, 300 euros. Non obstante, cando se trate de viaxeiros que cheguen ao territorio de aplicación do imposto por vía marítima ou aérea, este importe ascenderá a 430 euros.

En todo caso, tratándose de viaxeiros menores de quince anos de idade, o valor global admitido con exención será 150 euros.

Cando o valor global exceda as cantidades indicadas, a exención concederáse ata o límite das ditas cantidades, exclusivamente para aqueles bens que, importados separadamente, poderían beneficiarse da exención.

Para a determinación dos límites de exención sinalados anteriormente non se computará o valor dos bens que sexan obxecto de importación temporal ou de reimportación derivada dunha previa exportación temporal, nin o dos medicamentos necesarios para uso normal do viaxeiro.

Dous. Para os efectos desta exención, consideraranse equipaxes persoais dos viaxeiros o conxunto de equipaxes que presenten á aduana no momento da súa chegada, así como os que se presenten con posterioridade, sempre que se xustifique que, no momento da saída, foron rexistrados na empresa responsable do seu transporte como equipaxes acompañadas.

Non constitúen equipaxes persoais os combustibles que excedan as seguintes cantidades:

a) Os contidos nos depósitos normais de combustible dos medios de transporte motorizados.

b) Os contidos en depósitos portátiles de combustible ata un máximo de 10 litros.

Tres. Sen prexuízo do establecido no número un, estarán exentas do imposto as seguintes importacións de bens:

a) Elaborados do tabaco:

Cigarros: 200 unidades;

Xarutiños (cigarros cun peso máximo 3 gramos unidade): 100 unidades;

Xarutos: 50 unidades;

Tabaco para fumar: 250 gramos.

Para todo viaxeiro, a franquía poderase aplicar a calquera combinación de elaborados do tabaco, sempre que o total das porcentaxes utilizadas de cada franquía autorizada non supere o 100 por cento.

b) Alcohois e bebidas alcohólicas:

Bebidas destiladas e bebidas espirituosas dunha graduación alcohólica superior a 22 por 100 vol.; alcohol etílico, non desnaturizado, de 80 por 100 vol. ou máis: 1 litro en total;

Bebidas destiladas e bebidas espirituosas, aperitivos a base de viño ou de alcohol, tafia, sake ou bebidas similares dunha graduación alcohólica igual ou inferior a 22 por 100 vol.; viños espumosos e xenerosos: 2 litros en total;

Outros viños: 4 litros en total;

Cervexa: 16 litros en total.

Para todo viaxeiro, a franquía poderase aplicar a calquera combinación dos tipos de alcohol e bebidas alcohólicas mencionados, sempre que o total das porcentaxes utilizadas de cada franquía autorizada non supere o 100 por cento.

O valor destes bens non se computará para a determinación dos límites de valor global sinalados no número un precedente.

Os viaxeiros menores de dezasete anos de idade non se beneficiarán das exencións sinaladas neste número.

Catro. Cando o viaxeiro proceda dun país terceiro en réxime de tránsito, e acredite que os bens foron adquiridos nas condicións normais de tributación doutro Estado membro, a importación dos ditos bens efectuada ao amparo do réxime de viaxeiros estará exenta, sen suxeición aos límites de valor global e de cantidade establecidos nos números un e tres anteriores. Para estes efectos, non se considerarán en réxime de tránsito os pasaxeiros que sobrevoen o territorio de aplicación do imposto sen aterraren nel.

Cinco. Os límites previstos para a exención do imposto que se establecen neste artigo reduciranse á décima parte das cantidades sinaladas cando os bens a que se refiran sexan importados polo persoal dos medios de transporte utilizados no tráfico internacional e con ocasión dos desprazamentos efectuados no exercicio das súas actividades profesionais.»

Seis. O número catro do artigo 80 queda redactado da seguinte forma:

«Catro. A base imponible tamén se poderá reducir cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables.

Para estes efectos, un crédito considerarase total ou parcialmente incobrable cando reúna as seguintes condicións:

1.ª Que transcorrese un ano desde o devengo do imposto repercutido sen que se obtivese o cobramento de todo ou parte do crédito derivado del.

2.ª Que esta circunstancia quedase reflectida nos libros rexistros exixidos para este imposto.

3.ª Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional, ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto sobre o valor engadido excluído, sexa superior a 300 euros.

4.ª Que o suxeito pasivo instase o seu cobramento mediante reclamación xudicial ao debedor.

A modificación deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á finalización do período dun ano a que se refire a condición 1.ª do parágrafo anterior e comunicarse á Administración tributaria no prazo que se fixe regulamentariamente.

Unha vez practicada a redución da base imponible, esta non se volverá modificar á alza aínda que o suxeito pasivo obteña o cobramento total ou parcial da contraprestación, salvo cando o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional. Neste caso entenderase que o imposto sobre o valor engadido está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación percibida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o suxeito pasivo desista da reclamación xudicial ao debedor, deberá modificar novamente a base imponible á alza mediante a emisión, no prazo dun mes contado desde a desistencia, dunha factura rectificativa en que se repercute a cota procedente.»

Sete. O número 3.º do número un do artigo 97 queda redactado da seguinte forma:

«3.º No caso das importacións, o documento en que conste a liquidación practicada pola Admi-

nistración ou, se se trata de operacións asimiladas ás importacións, a autoliquidación en que se consigne o imposto devengado con ocasión da súa realización.»

Oito. O número catro do artigo 99 queda redactado da seguinte forma:

«Catro. Entenderanse soportadas as cotas deducibles no momento en que o empresario ou profesional que as soportou reciba a correspondente factura ou demais documentos xustificativos do dereito á dedución.

Se o devengo do imposto se producir nun momento posterior ao da recepción da factura, as ditas cotas entenderanse soportadas cando se devenguen.

Nos casos a que se refire o artigo 165 desta lei, as cotas entenderanse soportadas no momento en que se expida a factura a que se refire este artigo, salvo que o momento do devengo sexa posterior ao da dita emisión, caso en que as ditas cotas se entenderán soportadas no momento do seu devengo.

No caso a que se refire o artigo 98, número catro desta lei, as cotas deducibles entenderanse soportadas no momento en que naza o dereito á dedución.»

Novo. O artigo 115 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 115. *Supostos xerais de devolución.*

Un. Os suxeitos pasivos que non puidesen facer efectivas as deducións orixinadas nun período de liquidación polo procedemento previsto no artigo 99 desta lei, por exceder a súa contía da das cotas devengadas, terán dereito a solicitar a devolución do saldo ao seu favor existente en 31 de decembro de cada ano na autoliquidación correspondente ao último período de liquidación do dito ano.

Dous. Non obstante, terán dereito a solicitar a devolución do saldo ao seu favor existente ao termo de cada período de liquidación os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 116 desta lei.

Tres. Nos supostos a que se refiren este artigo e o seguinte, a Administración procederá, de ser o caso, a practicar liquidación provisional dentro dos seis meses seguintes ao termo do prazo previsto para a presentación da autoliquidación en que se solicite a devolución do imposto. Non obstante, no caso de a citada autoliquidación se ter presentado fóra deste prazo, os seis meses computaranse desde a data da súa presentación.

Cando da autoliquidación ou, de ser o caso, da liquidación provisional resulte cantidade a devolver, a Administración tributaria procederá á súa devolución de oficio, sen prexuízo da práctica das posteriores liquidacións, provisionais ou definitivas, que procedan.

O procedemento de devolución será o previsto nos artigos 124 a 127, ambos inclusive, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

Se a liquidación provisional non se tiver practicado no prazo establecido no primeiro parágrafo deste número, a Administración tributaria procederá a devolver de oficio o importe total da cantidade solicitada, sen prexuízo da práctica das liquidacións provisionais ou definitivas posteriores que puideren resultar procedentes.

Transcorrido o prazo establecido no primeiro parágrafo deste número sen se ter ordenado o pagamento da devolución por causa imputable á Administración tributaria, aplicaráselle á cantidade pen-

dente de devolución o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei xeral tributaria, desde o día seguinte ao da finalización do dito prazo e ata a data do ordenamento do seu pagamento, sen necesidade de que o suxeito pasivo así o reclame.

Regulamentariamente determinaranse o procedemento e a forma de pagamento da devolución de oficio a que se refire este número.»

Dez. O artigo 116 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 116. *Solicitud de devolucions á fin de cada período de liquidación.*

Un. Os suxeitos pasivos poderán optar por solicitar a devolución do saldo ao seu favor existente ao termo de cada período de liquidación conforme as condicións, termos, requisitos e procedemento que se establezan regulamentariamente.

O período de liquidación dos suxeitos pasivos que opten por este procedemento coincidirá co mes natural, con independencia do seu volume de operacións.

Dous. Nos supostos a que se refire o artigo 15, número dous desta lei, a persoa xurídica que importe os bens no territorio de aplicación do imposto poderá recuperar a cota correspondente á importación cando acredite a expedición ou transporte dos bens a outro Estado membro e o pagamento do imposto no dito Estado.»

Once. O número catro do artigo 163 nonies queda redactado da seguinte forma:

«Catro. A entidade dominante, sen prexuízo do cumprimento das súas obrigas propias, e cos requisitos, límites e condicións que se determinen regulamentariamente, será responsable do cumprimento das seguintes obrigas:

1.^a Comunicar á Administración tributaria a seguinte información:

a) O cumprimento dos requisitos exixidos, a adopción dos acordos correspondentes e a opción pola aplicación do réxime especial a que se refiren os artigos 163 quinquies e sexies desta lei. Toda esta información deberase presentar no mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que se vaia aplicar o réxime especial.

b) A relación de entidades do grupo que apliquen o réxime especial, identificando as entidades que motiven calquera alteración na súa composición respecto á do ano anterior, de ser o caso. Esta información deberase comunicar durante o mes de decembro de cada ano natural respecto ao seguinte.

c) A renuncia ao réxime especial, que deberá exercerse durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto, tanto no relativo á renuncia do total de entidades que apliquen o réxime especial como en canto ás renunciacións individuais.

d) A opción que se establece no artigo 163 sexies.cinco desta lei, que deberá comunicarse durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto.

2.^a Presentar as autoliquidacións periódicas agregadas do grupo de entidades, e proceder, de ser o caso, ao ingreso da débeda tributaria ou á solicitude de compensación ou devolución que proceda. A devanditas autoliquidacións agregadas integrarán os resultados das autoliquidacións individuais das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

As autoliquidacións periódicas agregadas do grupo de entidades deberanse presentar unha vez presentadas as autoliquidacións periódicas individuais de cada unha das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

O período de liquidación das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades coincidirá co mes natural, con independencia do seu volume de operacións.

Cando, para un período de liquidación, a contía total dos saldos a devolver a favor das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades supere o importe dos saldos a ingresar do resto de entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades para o mesmo período de liquidación, poderase solicitar a devolución do exceso, sempre que non transcorresen catro anos contados a partir da presentación das autoliquidacións individuais en que se orixinou o dito exceso. Esta devolución practicarase nos termos dispostos no número tres do artigo 115 desta lei. En tal caso, non procederá a compensación dos ditos saldos a devolver en autoliquidacións agregadas posteriores, calquera que sexa o período de tempo transcorrido ata que a dita devolución se faga efectiva.

No caso de que deixe de aplicarse o réxime especial do grupo de entidades e queden cantidades pendentes de devolución ou compensación para as entidades integradas no grupo, estas cantidades imputaranse ás ditas entidades en proporción ao volume de operacións do último ano natural en que o réxime especial foi de aplicación, aplicando para tal efecto o disposto no artigo 121 desta lei.

3.^a Dispor dun sistema de información analítica baseado en criterios razoables de imputación dos bens e servizos utilizados directa ou indirectamente, total ou parcialmente, na realización das operacións a que se refire o artigo 163 octies.un desta lei. Este sistema deberá reflectir a utilización sucesiva dos ditos bens e servizos ata a súa aplicación final fóra do grupo.

O sistema de información deberá incluír unha memoria xustificativa dos criterios de imputación utilizados, que deberán ser homoxéneos para todas as entidades do grupo e manterse durante todos os períodos en que sexa de aplicación o réxime especial, salvo que se modifiquen por causas razoables, que deberán xustificarse na propia memoria.

Este sistema de información deberase conservar durante o prazo de prescrición do imposto.»

Artigo sexto. *Modificación da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias:

Un. O artigo 5.2 queda redactado da seguinte forma:

«2. Para os efectos deste imposto reputaranse empresarios ou profesionais:

1.^o As persoas ou entidades que realicen habitualmente actividades empresariais ou profesionais.

Non obstante, non terán a consideración de empresarios ou profesionais os que realicen exclusivamente entregas de bens ou prestacións de servizos a título gratuito, sen prexuízo do establecido no número seguinte.

2.^o As sociedades mercantís, salvo proba en contrario.»

Dous. O artigo 5.6 queda redactado da seguinte forma:

«6. Entenderanse realizadas no desenvolvemento dunha actividade empresarial ou profesional, en todo caso:

a) As entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas polas sociedades mercantís, cando teñan a condición de empresario ou profesional.

b) As transmisións ou cesións de uso a terceiros da totalidade ou parte de calquera ben ou dereito que integre o patrimonio empresarial ou profesional dos suxeitos pasivos, incluso as efectuadas con ocasión do cesamento no exercicio das actividades económicas que determinen a suxeición ao imposto.»

Tres. O artigo 9.1.^o queda redactado da seguinte forma:

«1.^o A transmisión dun conxunto de elementos corporais e, de ser o caso, incorporais que, formando parte do patrimonio empresarial ou profesional do suxeito pasivo, constitúan unha unidade económica autónoma capaz de desenvolver unha actividade empresarial ou profesional polos seus propios medios, con independencia do réxime fiscal que á dita transmisión lle resulte de aplicación no ámbito doutros tributos e do procedente conforme o disposto no artigo 4.4 desta lei.

Quedarán excluídas da non-suxeición a que se refire o parágrafo anterior as seguintes transmisións:

a) (suprimida).

b) As dos bens mobles ou semoventes que, formando parte das existencias do patrimonio empresarial que se transmite, leve a cabo quen teña a condición de comerciante retallista de acordo co disposto no artigo 10.3 desta lei, e, en función do destino previsible, o adquirente teña dereito á dedución, total ou parcial, do imposto que se encontre implícito na contraprestación nos termos establecidos no artigo 29.3 desta lei.

Para estes efectos, unicamente estará exenta do imposto, por aplicación do artigo 10.1.27.^o desta lei, a transmisión dos bens mobles e semoventes que constitúan as existencias do patrimonio empresarial.

c) As realizadas polos que teñan a condición de empresario ou profesional exclusivamente conforme o disposto polo artigo 5.4.a) desta lei, cando as ditas transmisións teñan por obxecto a mera cesión de bens.

Para estes efectos, considerarase como mera cesión de bens a transmisión de bens arrendados cando non vaia acompañada dunha estrutura organizativa de factores de produción materiais e humanos, ou dun deles, que permita considerar esta constitutiva dunha unidade económica autónoma.

d) As efectuadas polos que teñan a condición de empresario ou profesional exclusivamente pola realización ocasional das operacións a que se refire o artigo 5.4.b) desta lei.

Para os efectos do disposto neste número, resultará irrelevante que o adquirente desenvolva a mesma actividade a que estaban afectos os elementos adquiridos ou outra diferente, sempre o adquirente acredite a intención de manter a dita afectación ao desenvolvemento dunha actividade empresarial ou profesional.

No caso de que os bens e dereitos transmitidos, ou parte deles, se desafecten posteriormente das actividades empresariais ou profesionais que deter-

minan a non-suxeición prevista neste número, a referida desafectación quedará suxeita ao imposto na forma establecida para cada caso nesta lei.

Os adquirentes dos bens e dereitos comprendidos nas transmisións que se beneficien da non-suxeición establecida neste número subrogaranse, respecto dos ditos bens e dereitos, na posición do transmitente en canto á aplicación das normas contidas no artigo 10.1.22.º e nos artigos 37 a 44 desta lei.»

Catro. O artigo 10.1.28.º queda redactado da seguinte forma:

«28.º As entregas de bens e prestacións de servizos realizadas por suxeitos pasivos persoas físicas cuxo volume total de operacións realizadas durante o ano natural anterior non excedese 28.000 euros. Este límite será revisado automaticamente cada ano pola variación do índice de prezos de consumo en Canarias.

Para os efectos deste número, considerarase volume de operacións o importe total das entregas de bens e prestacións de servizos efectuadas polo suxeito pasivo durante o ano natural anterior, con independencia do réxime tributario ou territorio onde se entreguen ou presten.

Esta exención poderá ser obxecto de renuncia nos termos e requisitos que estableza o Goberno de Canarias. A renuncia á exención operará respecto á totalidade das súas actividades empresariais ou profesionais.»

Cinco. O artigo 14.3.27.º queda redactado da seguinte forma:

«27.º A) Os bens contidos nas equipaxes persoais dos viaxeiros, coas limitacións e requisitos que se indican a seguir:

Que as mencionadas importacións non teñan carácter comercial.

Para efectos deste artigo, considerarase que os bens conducidos por viaxeiros non constitúen unha expedición comercial cando se trate de bens adquiridos ocasionalmente, que se destinen ao uso persoal ou familiar dos viaxeiros ou a ser ofrecidos como regalos e que, pola súa natureza e cantidade, non poida presumirse que sexan o obxecto dunha actividade comercial.

Que o valor global dos citados bens non exceda, por persoa, 430 euros.

En todo caso, tratándose de viaxeiros menores de quince anos de idade, o valor global admitido con exención será 150 euros.

Cando o valor global exceda as cantidades indicadas, a exención concederase ata o límite das ditas cantidades, exclusivamente para aqueles bens que, importados separadamente, poderían beneficiarse da exención.

Para a determinación dos límites de exención sinalados anteriormente non se computará o valor dos bens que sexan obxecto de importación temporal ou de reimportación derivada dunha previa exportación temporal, nin o dos medicamentos necesarios para uso normal do viaxeiro.

B) Para os efectos desta exención, considerarase equipaxes persoais dos viaxeiros o conxunto de equipaxes que presenten na oficina da Administración Tributaria Canaria no momento da súa chegada, así como os que se presenten con posterioridade, sempre que se xustifique que, no momento da saída, foron rexistrados na empresa responsable do seu transporte como equipaxes acompañadas.

Non constitúen equipaxes persoais os combustibles que excedan as seguintes cantidades:

Os contidos nos depósitos normais de combustible dos medios de transporte motorizados.

Os contidos en depósitos portátiles de combustible ata un máximo de 10 litros.

C) Sen prexuízo do establecido na letra A) anterior, estarán exentas do imposto as seguintes importacións de bens:

a) Elaborados do tabaco:

Cigarros: 200 unidades;

Xarutiños (cigarros cun peso máximo 3 gramos unidade): 100 unidades;

Xarutos: 50 unidades;

Tabaco para fumar: 250 gramos.

Para todo viaxeiro, a franquía poderase aplicar a calquera combinación de elaborados do tabaco, sempre que o total das porcentaxes utilizadas de cada franquía autorizada non supere o 100 por cento.

b) Alcohois e bebidas alcohólicas:

Bebidas destiladas e bebidas espirituosas dunha graduación alcohólica superior a 22 por 100 vol.; alcohol etílico, non desnaturalizado, de 80 por 100 vol. ou máis: 1 litro en total;

Bebidas destiladas e bebidas espirituosas, aperitivos a base de viño ou de alcohol, tafia, sake ou bebidas similares dunha graduación alcohólica igual ou inferior a 22 por 100 vol.; vinos espumosos e xenerosos: 2 litros en total;

Outros viños: 4 litros en total;

Cervexa: 16 litros en total.

Para todo viaxeiro, a franquía poderase aplicar a calquera combinación dos tipos de alcohol e bebidas alcohólicas mencionados, sempre que o total das porcentaxes utilizadas de cada franquía autorizada non supere o 100 por cento.

O valor destes bens non se computará para a determinación dos límites de valor global sinalados na letra A) precedente.

Os viaxeiros menores de dezasete anos de idade non se beneficiarán das exencións sinaladas nas letras a) e b) anteriores.

D) Os límites previstos para a exención do imposto que se establecen neste número reduciranse á décima parte das cantidades sinaladas cando os bens a que se refiran sexan importados polo persoal dos medios de transporte utilizados no tráfico exterior e con ocasión dos desprazamentos efectuados no exercicio das súas actividades profesionais.»

Seis. O artigo 14.11 queda redactado da seguinte forma:

«11. As importacións de bens cuxo valor global non exceda 150 euros.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior:

a) Os produtos alcohólicos comprendidos nos códigos NC 22.03 a 22.08 do Arancel Aduaneiro.

b) Os perfumes e augas de colonia.

c) O tabaco en rama ou manufacturado.»

Sete. O número 7 do artigo 22 queda redactado da seguinte forma:

«7. A base imponible tamén se poderá reducir cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables.

Para estes efectos, un crédito considerarase total ou parcialmente incobrable cando reúna as seguintes condicións:

1. Que transcorrese un ano desde o devengo do imposto repercutido sen que se obtivese o cobramento de todo ou parte do crédito derivado del.

2. Que esta circunstancia quedase reflectida nos libros rexistros exixidos para este imposto.

3. Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional, ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto xeral indirecto canario excluído, sexa superior a 300 euros.

4. Que o suxeito pasivo instase o seu cobramento mediante reclamación xudicial ao debedor.

A modificación deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á finalización do período dun ano a que se refire a condición 1 do parágrafo anterior e comunicarse á Administración Tributaria Canaria no prazo que se fixe regulamentariamente.

Unha vez practicada a redución da base imponible, esta non se volverá modificar á alza aínda que o suxeito pasivo obtiver o cobramento total ou parcial da contraprestación, salvo cando o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional. Neste caso, entenderase que o imposto xeral indirecto canario está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación percibida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o suxeito pasivo desista da reclamación xudicial ao debedor, deberá modificar novamente a base imponible á alza mediante a emisión, no prazo dun mes contado desde a desistencia, dunha factura rectificativa na que se repercute a cota procedente.»

Oito. A letra f) do ordinal 1.º do número 1 do artigo 27 queda redactada da seguinte forma:

«f) As execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista, que teñan por obxecto a construción e rehabilitación das vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial, así como a construción ou rehabilitación de obras de equipamento comunitario. Para os efectos desta lei, considerarase de rehabilitación as actuacións dirixidas á reconstrución mediante a consolidación e o tratamento de estruturas, fachadas ou cubertas e outras análogas sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda o 25 por cento do prezo de adquisición se se tivese efectuado esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao inicio das obras de rehabilitación ou, noutro caso, do valor de mercado que tivese a edificación ou parte dela no momento do dito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado da edificación a parte proporcional correspondente ao solo.

Para os efectos deste parágrafo e do anterior, entenderase por equipamento comunitario aquel que consiste en:

Os edificios de carácter demanial.

As infraestruturas públicas de auga, telecomunicación, ferroviarias, enerxía eléctrica, rede de sumidoiros, parques, xardíns e superficies viarias en zonas urbanas.

A consideración como equipamento comunitario das infraestruturas públicas ferroviarias comprenderá tanto aquelas en que a Administración competente sexa a que as promova directamente, como cando esta actúe de maneira indirecta a través

doutra entidade que, non tendo a consideración de Administración pública, sexa a que teña, mediante calquera título administrativo habilitante concedido por parte da Administración pública, a capacidade necesaria para contratar a realización das ditas infraestruturas.

Non se inclúen, en ningún caso, as obras de conservación, mantemento, reformas, rehabilitación, ampliación ou mellora das ditas infraestruturas.

As potabilizadoras, desalinizadoras e depuradoras de titularidade pública.»

Nove. Engádense dúas letras ao artigo 27.1.1.º, que quedan redactadas do modo seguinte:

«t) As entregas de biodiésel, bioetanol e biometanol.

As definicións de biodiésel, bioetanol e biometanol son as contidas na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

u) As entregas dos produtos do refinación do petróleo mesturados con biodiésel, bioetanol e biometanol.»

Dez. O artigo 31.1.2.º queda redactado da seguinte forma:

«2.º No caso das importacións, o documento en que conste a liquidación practicada pola Administración ou, se se trata de operacións asimiladas a importacións, a autoliquidación en que se consigne o imposto devengado con ocasión da súa realización.»

Once. O artigo 32 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 32. *Nacemento do dereito a deducir.*

O dereito á dedución nace no momento en que se devengan as cotas deducibles.»

Doce. O artigo 33.4 queda redactado da seguinte forma:

«4. Entenderanse soportadas as cotas deducibles, así como a carga impositiva implícita nas adquisicións a comerciantes retalistas, no momento en que o empresario ou profesional que as soportou reciba a correspondente factura ou demais documentos xustificativos do dereito a deducir.

Se o devengo do imposto se producir nun momento posterior ao da recepción da factura, as ditas cotas entenderanse soportadas cando se devenguen.

Nos supostos de investimento do suxeito pasivo que se regulan no ordinal 2.º do número 1 do artigo 19 e 58 ter.6 desta lei, e no suposto de substitución a que se refire o número 6 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, as cotas entenderanse soportadas no momento en que se expida a factura a que se refiren os artigos citados, salvo que o momento do devengo sexa posterior ao da dita emisión, caso en que as ditas cotas se entenderán soportadas no momento do seu devengo.»

Trece. O artigo 45 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 45. *Supostos xerais de devolución.*

Un. Os suxeitos pasivos que non puidesen facer efectivas as deducións orixinadas nun período de liquidación polo procedemento previsto no artigo 33 desta lei, por exceder a súa contía as cotas devengadas, terán dereito a solicitar a devolución do saldo ao seu favor existente en 31 de decembro de cada

ano na autoliquidación correspondente ao último período de liquidación do dito ano.

Dous. Non obstante, terán dereito a solicitar a devolución do saldo ao seu favor existente ao termo de cada período de liquidación os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 46 desta lei.

Tres. Nos supostos a que se refiren este artigo e o seguinte, a Administración Tributaria Canaria procederá, de ser o caso, a practicar liquidación provisional dentro dos seis meses seguintes ao termo do prazo previsto para a presentación da autoliquidación en que se solicite a devolución do imposto. Non obstante, cando a citada autoliquidación se presentase fóra deste prazo, os seis meses computaranse desde a data da súa presentación.

Cando da autoliquidación ou, de ser o caso, da liquidación provisional resulte cantidade a devolver, a Administración Tributaria Canaria procederá á súa devolución de oficio, sen prexuízo da práctica das posteriores liquidacións, provisionais ou definitivas, que procedan.

O procedemento de devolución será o previsto nos artigos 124 a 127, ambos inclusive, da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

De a liquidación provisional non se ter practicado no prazo establecido no primeiro parágrafo deste número, a Administración Tributaria Canaria procederá a devolver de oficio o importe total da cantidade solicitada, sen prexuízo da práctica das liquidacións provisionais ou definitivas posteriores que puideren resultar procedentes.

Transcorrido o prazo establecido no primeiro parágrafo deste número sen se ter ordenado o pagamento da devolución por causa imputable á Administración tributaria, aplicarase á cantidade pendente de devolución o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei xeral tributaria, desde o día seguinte ao da finalización do dito prazo e ata a data do ordenamento do seu pagamento, sen necesidade de que o suxeito pasivo así o reclame.

Regulamentariamente o Goberno de Canarias determinará o procedemento e a forma de pagamento da devolución de oficio a que se refire este número.»

Catorce. O artigo 46 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 46. *Solicitud de devolucions á fin de cada período de liquidación.*

Os suxeitos pasivos poderán optar por solicitar a devolución do saldo ao seu favor existente ao termo de cada período de liquidación conforme as condicións, termos, requisitos e procedemento que estableza regulamentariamente o Goberno de Canarias.

O período de liquidación dos suxeitos pasivos que opten por este procedemento coincidirá co mes natural, con independencia do seu volume de operacións.»

Quince. O artigo 58 octies.catro queda redactado da seguinte forma:

«Catro. A entidade dominante, sen prexuízo do cumprimento das súas obrigas propias, e cos requisitos, límites, prazos e condicións, que determine regulamentariamente o Goberno de Canarias, será responsable do cumprimento das seguintes obrigas:

1.^a Comunicar á Administración tributaria canaria a seguinte información:

a) O cumprimento dos requisitos exixidos, a adopción dos acordos correspondentes e a opción pola aplicación do réxime especial a que se refiren os artigos 58 quáter e quinquies desta lei.

b) A relación de entidades do grupo que apliquen o réxime especial, identificando as entidades que motiven calquera alteración na súa composición respecto á do ano anterior, de ser o caso.

c) A renuncia ao réxime especial, que deberá exercitarse durante o mes de decembro anterior ao inicio do ano natural en que deba producir efecto, tanto no relativo á renuncia do total de entidades que apliquen o réxime especial como en canto ás renunciacións individuais.

d) A opción que se establece no artigo 58 quinquies.cinco desta lei.

2.^a Presentar as autoliquidacións periódicas agregadas do grupo de entidades, e proceder, de ser o caso, ao ingreso da débeda tributaria ou á solicitude de compensación ou devolución que proceda. As ditas autoliquidacións agregadas integrarán os resultados das autoliquidacións individuais das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

As autoliquidacións periódicas agregadas do grupo de entidades deberanse presentar unha vez presentadas as autoliquidacións periódicas individuais de cada unha das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades.

O período de liquidación das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades será determinado polo Goberno de Canarias.

Cando, para un período de liquidación, a contía total dos saldos a devolver a favor das entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades supere o importe dos saldos a ingresar do resto de entidades que apliquen o réxime especial do grupo de entidades para o mesmo período de liquidación, poderase solicitar a devolución do exceso, sempre que non transcorresen catro anos contados a partir da presentación das autoliquidacións individuais en que se orixinou o dito exceso. Esta devolución practicarase nos termos dispostos no número tres do artigo 45 desta lei. En tal caso, non procederá a compensación dos ditos saldos a devolver en autoliquidacións agregadas posteriores, calquera que sexa o período de tempo transcorrido ata que a dita devolución se faga efectiva.

No caso de que deixe de aplicarse o réxime especial do grupo de entidades e queden cantidades pendentes de compensación para as entidades integradas no grupo, estas cantidades imputaranse ás ditas entidades en proporción ao volume de operacións do último ano natural en que o réxime especial foi de aplicación, aplicando para tal efecto o disposto no artigo 51 desta lei.

3.^a Dispor, nos termos que regulamentariamente estableza o Goberno de Canarias, dun sistema de información analítica baseado en criterios razoables de imputación dos bens e servizos adquiridos a terceiros e utilizados directa ou indirectamente, total ou parcialmente, na realización das operacións a que se refire o artigo 58 septies.Un. Este sistema deberá reflectir a utilización sucesiva dos ditos bens e servizos ata a súa aplicación final fóra do grupo.

O sistema de información deberá incluír unha memoria xustificativa dos criterios de imputación utilizados, que deberán ser homoxéneos para todas as entidades do grupo e manterse durante todos os períodos en que sexa de aplicación o réxime espe-

cial, salvo que se modifiquen por causas razoables, que deberán xustificarse na propia memoria.

Este sistema de información deberase conservar durante o prazo de prescrición do imposto.»

Dezaseis. Engádesse un número segundo ao anexo IV, pasando o actual contido do dito anexo a ser o número primeiro, que queda redactado da seguinte forma:

«Segundo. Tributará a 0 euros por mil litros o biodiésel, bioetanol e biometanol que se considere incluído en determinada cantidade nos seguintes bens:

2710114100 As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe inferior a 95.

2710114500 As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 0,013 g por litro cunha octanaxe igual ou superior a 95 pero inferior a 98.

2710114900 As demais gasolinas cun contido en chumbo igual ou inferior a 1,013 g por litro cunha octanaxe igual ou superior a 98.

2710194100 Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre inferior ou igual a 0,05 por 100.

2710194500 Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre superior ao 0,05 por 100 pero inferior ou igual a 0,2 por 100.

2710194900 Aceites pesados ou gasóleos que se destinen a outros usos cun contido en xofre superior ao 0,2 por 100.

Á parte da mestura que non é biocarburante seralle de aplicación o tipo impositivo que lle corresponda conforme o establecido no número anterior.

O conselleiro de Economía e Facenda do Goberno de Canarias regulará o procedemento e requisitos para a aplicación deste tipo.

As definicións de biodiésel, bioetanol e biometanol son as contidas na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.»

Artigo sétimo. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro:

Un. O número 3 do artigo 13 queda redactado da seguinte forma:

«3. Como norma xeral, para determinar a base imponible, o valor real do dereito orixinado pola concesión fixarase pola aplicación da regra ou regras que, en atención á natureza das obrigas impostas ao concesionario, resulten aplicables das que se indican a seguir:

a) De a Administración sinalar unha cantidade total en concepto de prezo ou canon que deba satisfacer o concesionario, polo importe daquela.

b) De a Administración sinalar un canon, prezo, participación ou beneficio mínimo que deba satisfacer o concesionario periodicamente e a duración da concesión non ser superior a un ano, pola suma total das prestacións periódicas. Se a duración da concesión for superior ao ano, capitalizando, segundo o prazo da concesión, ao 10 por 100 a cantidade anual que satisfaga o concesionario.

Cando para a aplicación desta regra houber que capitalizar unha cantidade anual que for variable

como consecuencia, exclusivamente, da aplicación de cláusulas de revisión de prezos que tomen como referencia índices obxectivos da súa evolución, capitalizarase a correspondente ao primeiro ano. De a variación depender doutras circunstancias, cuxa razón matemática se coñeza no momento do outorgamento da concesión, a cantidade que se capitalizará será a media anual das que o concesionario deba de satisfacer durante a vida da concesión.

c) Cando o concesionario estea obrigado a reverter á Administración bens determinados, computarase o valor neto contable estimado dos ditos bens na data de reversión, máis os gastos previstos para a reversión. Para o cálculo do valor neto contable dos bens aplicaranse as táboas de amortización aprobadas para os efectos do imposto sobre sociedades na porcentaxe media resultante delas.»

Dous. O número 1 do artigo 17 queda redactado da seguinte forma:

«1. Na transmisión de créditos ou dereitos mediante cuxo exercicio deban obterse bens determinados e de posible estimación exixirse o imposto por iguais conceptos e tipos que as que se efectúen dos mesmos bens e dereitos. No entanto, no caso de inmobles en construción, a base imponible estará constituída polo valor real do ben no momento da transmisión do crédito ou dereito, sen que poida ser inferior ao importe da contraprestación satisfeita pola cesión.»

Tres. O artigo 19 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 19.

1. Son operacións societarias suxeitas:

1.º A constitución de sociedades, o aumento e diminución do seu capital social e a disolución de sociedades.

2.º As achegas que efectúen os socios que non supoñan un aumento do capital social.

3.º O traslado a España da sede de dirección efectiva ou do domicilio social dunha sociedade cando nin unha nin outro estivesen previamente situados nun Estado membro da Unión Europea.

2. Non estarán suxeitas:

1.º As operacións de reestruturación.

2.º Os traslados da sede de dirección efectiva ou do domicilio social de sociedades dun Estado membro da Unión Europea a outro.

3.º A modificación da escritura de constitución ou dos estatutos dunha sociedade e, en particular, o cambio do obxecto social, a transformación ou a prórroga do prazo de duración dunha sociedade.

4.º A ampliación de capital que se realice con cargo á reserva constituída exclusivamente por prima de emisión de accións.»

Catro. O artigo 20 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 20.

1. As entidades que realicen, a través de sucursais ou establecementos permanentes, operacións do seu tráfico en territorio español e cuxo domicilio social e sede de dirección efectiva se encontren en países non pertencentes á Unión Europea ficarán obrigadas a tributar, polos mesmos conceptos e nas mesmas condicións que as españolas, pola parte de capital que destinen ás ditas operacións.

2. As entidades cuxo domicilio social e sede de dirección efectiva se encontren nun Estado membro

da Unión Europea distinto de España non estarán suxeitas á modalidade de operacións societarias cando realicen, a través de sucursais ou establecementos permanentes, operacións do seu tráfico en territorio español. Tampouco estarán suxeitas ao dito gravame por tales operacións as entidades cuxa sede de dirección efectiva se encontre en países non pertencentes á Unión Europea se o seu domicilio social está situado nun Estado membro da Unión Europea distinto de España.»

Cinco. O artigo 21 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 21.

Para os efectos do gravame sobre operacións societarias terán a consideración de operacións de reestruturación as operacións de fusión, escisión, achega de activos e troco de valores definidas no artigo 83, números 1, 2, 3 e 5, e no artigo 94 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.»

Seis. O artigo 23 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 23.

Estará obrigado ao pagamento do imposto a título de contribuínte e sexan cales sexan as estipulacións establecidas polas partes en contrario:

a) Na constitución de sociedades, aumento de capital, traslado de sede de dirección efectiva ou domicilio social e achegas dos socios que non supoñan un aumento do capital social, a sociedade.

b) Na disolución de sociedades e redución de capital social, os socios, copropietarios, comuneiros ou partícipes polos bens e dereitos recibidos.»

Sete. O artigo 24 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 24.

Serán subsidiariamente responsables do pagamento do imposto na constitución de sociedades, aumento e redución de capital social, achegas dos socios que non supoñan un aumento do capital social, disolución e traslado da sede de dirección efectiva ou do domicilio social de sociedades, os promotores, administradores, ou liquidadores delas que interviñesen no acto xurídico suxeito ao imposto, sempre que se fixesen cargo do capital achegado ou entregasen os bens.»

Oito. O artigo 25 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 25.

1. Na constitución e aumento de capital de sociedades que limiten dalgunha maneira a responsabilidade dos socios, a base imponible coincidirá co importe nominal en que aquel quede fixado inicialmente ou ampliado con adición das primas de emisión, de ser o caso, exixidas.

2. Cando se trate de operacións realizadas por sociedades distintas das anteriores e nas achegas dos socios que non supoñan un aumento do capital social, a base imponible fixarase no valor neto da achega, entendéndose como tal o valor real dos bens e dereitos achegados minorado polas cargas e gastos que foren deducibles e polo valor das débedas que queden a cargo da sociedade con motivo da achega.

3. Nos traslados de sede de dirección efectiva ou de domicilio social, a base imponible coincidirá co haber líquido que a sociedade cuxa sede de dirección efectiva ou domicilio social se traslada teña o día en que se adopte o acordo.

4. Na diminución de capital e na disolución, a base imponible coincidirá co valor real dos bens e dereitos entregados aos socios, sen dedución de gastos e débedas.»

Nove. O artigo 45.I.B).10 queda redactado da seguinte forma:

«10. As operacións societarias a que se refiren os números 1.º, 2.º e 3.º do artigo 19.2 e o artigo 20.2 anteriores, de ser o caso, en canto ao gravame polas modalidades de transmisións patrimoniais onerosas ou de actos xurídicos documentados.»

Dez. O artigo 45.I.B).12 queda redactado da seguinte forma:

«12.a) A transmisión de terreos e soares e a cesión do dereito de superficie para a construción de edificios en réxime de vivendas de protección oficial. Os préstamos hipotecarios solicitados para a adquisición daqueles, en canto ao gravame de actos xurídicos documentados.

b) As escrituras públicas outorgadas para formalizar actos ou contratos relacionados coa construción de edificios en réxime de «vivendas de protección oficial», sempre que se solicitase o dito réxime á Administración competente na dita materia.

c) As escrituras públicas outorgadas para formalizar a primeira transmisión de vivendas de protección oficial, unha vez obtida a cualificación definitiva.

d) A constitución de préstamos hipotecarios para a adquisición exclusiva de vivendas de protección oficial e os seus anexos inseparables, co límite máximo do prezo da citada vivenda, e sempre que este último non exceda os prezos máximos establecidos para as referidas vivendas de protección oficial.

e) A constitución de sociedades e a ampliación de capital, cando teñan por exclusivo obxecto a promoción ou construción de edificios en réxime de protección oficial.

Para o recoñecemento das exencións previstas nas alíneas a) e b) anteriores bastará que se consigne no documento que o contrato se outorga coa finalidade de construír vivendas de protección oficial e quedará sen efecto se transcorren tres anos a partir do dito recoñecemento sen que obteña a cualificación ou declaración provisional ou catro anos se se trata de terreos. A exención entenderase concedida con carácter provisional e condicionada ao cumprimento que en cada caso exixan as disposicións vixentes para esta clase de vivendas. No suposto das alíneas a) e b) deste número, o cómputo do prazo de prescrición previsto no artigo 67 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, comezará a contarse unha vez transcorrido o prazo de tres ou catro anos de exención provisional.

As exencións previstas neste número aplicaranse tamén a aquelas que, con protección pública, dimanen da lexislación propia das comunidades autónomas, sempre que os parámetros de superficie máxima protexible, prezo da vivenda e límite de ingresos dos adquirentes non excedan os establecidos na norma estatal para as vivendas de protección oficial.»

Once. O artigo 45.I.B).20 queda redactado da seguinte forma:

«20.1 As operacións de constitución e aumento de capital das sociedades de investimento de capital variable reguladas na Lei de institucións de investimento colectivo, así como as achegas non monetarias ás ditas entidades, quedarán exentas na modalidade de operacións societarias do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

2. Os fondos de investimento de carácter financeiro regulados na lei citada anteriormente gozarán de exención no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados co mesmo alcance establecido no número anterior.

3. As institucións de investimento colectivo inmobiliario reguladas na lei citada anteriormente que, co carácter de institucións de investimento colectivo non financeiras, teñan por obxecto social exclusivo a adquisición e a promoción, incluíndo a compra de terreos, de calquera tipo de inmovible de natureza urbana para o seu arrendamento, sempre que, ademais, as vivendas, as residencias estudian-tís e as residencias da terceira idade, nos termos que regulamentariamente se establezan, representen conxuntamente, cando menos, o 50 por cento do total do activo, terán o mesmo réxime de tributación que o previsto nos dous números anteriores.

Do mesmo xeito, as ditas institucións gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota deste imposto pola adquisición de vivendas destinadas ao arrendamento e pola adquisición de terreos para a promoción de vivendas destinadas ao arrendamento, sempre que, en ambos os casos, cumpran os requisitos específicos sobre mantemento dos inmo-bles establecidos nas alíneas c) e d) do artigo 28.5 do texto refundido da Lei do imposto sobre socieda-des, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, salvo que, con carácter excepcional, medie a autorización expresa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

4. Os fondos de titulación hipotecaria e os fondos de titulación de activos financeiros estarán exentos de todas as operacións suxeitas á modalida-de de operacións societarias.»

Doce. O número 3 do artigo 46 queda redactado da seguinte forma:

«3. Cando o valor declarado polos interesados for superior ao resultante da comprobación, aquel terá a consideración de base imponible. Se o valor resultante da comprobación ou o valor declarado resultar inferior ao prezo ou contraprestación pactada, tomarase esta última magnitude como base imponible.»

Trece. O número 2 do artigo 50 queda redactado da seguinte forma:

«2. Para os efectos de prescrición, nos docu-mentos que deban presentarse a liquidación, presu-mirase que a data dos privados é a da súa presenta-ción, a menos que con anterioridade concorra calquera das circunstancias previstas no artigo 1.227 do Código civil, caso en que se computará a data da incorporación, inscrición, falecemento ou entrega, respectivamente. Nos contratos non reflectidos documentalmente, presumirase, cos mesmos efec-tos, que a súa data é a do día en que os interesados dean cumprimento ao previsto no artigo 51. A data do documento privado que prevaleza para efectos de prescrición, conforme o disposto neste número, determinará o réxime xurídico aplicable á liquida-

ción que proceda polo acto ou contrato incorporado a el.»

Catorce. O número 1 do artigo 54 queda redactado da seguinte forma:

«1. Ningún documento que conteña actos ou contratos suxeitos a este imposto se admitirá nin producirá efecto en oficina ou rexistro público sen que se xustifique o pagamento da débeda tributaria a favor da Administración tributaria competente para exixilo, conste declarada a exención por ela, ou, cando menos, a presentación nela do referido documento. Das incidencias que se produzan darase conta inmediata á Administración interesada. Os xulgados e tribunais remitirán á Administración tri-butaria competente para a liquidación do imposto copia autorizada dos documentos que admitan nos que non conste a nota de teren sido presentados a liquidación na dita Administración.

A xustificación do pagamento ou, de ser o caso, da presentación do referido documento farase mediante a achega en calquera soporte do orixinal acreditativo daquel ou de copia do dito orixinal.»

Quince. O número 4 do artigo 56 queda redactado da seguinte forma:

«4. A competencia para a aplicación do imposto e o exercicio da potestade sancionadora correspon-derá á Administración tributaria da comunidade autónoma ou do Estado á cal se atribúa o seu rende-mento de acordo cos puntos de conexión aplicables segundo as normas reguladoras da cesión de impostos ás comunidades autónomas.»

Artigo oitavo. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. A alínea a) do número 2 do artigo 21 queda redactada da seguinte forma:

«a) As conducidas persoalmente polos viaxei-ros maiores de dezasete anos procedentes de países terceiros, sempre que non superen os límites cuan-titativos seguintes:

1.º Un litro de alcohol ou bebidas derivadas; ou

2.º Dous litros de produtos intermedios ou viños espumosos e bebidas fermentadas, e

3.º Catro litros de viño tranquilo e dezaseis litros de cervexa.»

Dous. O punto 4 do artigo 65.1.a) queda redactado do seguinte modo:

«4. Os ciclomotores de dúas ou tres rodas e os cuadríciclos lixeiros.»

Tres. Engádese un novo número 5 ao artigo 66, «Exencións, devolucións e reducións», coa seguinte redacción:

«5. A base imponible do imposto, determinada conforme o previsto no artigo 69, será obxecto dunha redución do 30 por cento do seu importe res-pecto dos seguintes vehículos:

a) Vehículos definidos como «autocaravanas» na versión vixente o día 30 de xuño de 2007 do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, apro-bado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decem-bro.

b) Vehículos acondicionados para ser utilizados como vivenda aos cales se refiren o último pará-

grafo do número 1.º e o último parágrafo do número 8.º, ambos do número 1.a) do artigo 65.»

Catro. A alínea b) do artigo 69 queda redactada da seguinte forma:

«b) Nos medios de transporte usados, polo seu valor de mercado na data de devengo do imposto.

Cando se trate de medios de transporte que estivesen previamente matriculados no estranxeiro e que sexan obxecto de primeira matriculación definitiva en España tendo a condición de usados, do valor de mercado minorarase, na medida en que estiver incluído nel, o importe residual das cotas dos impostos indirectos que terían sido exixibles, sen ser deducibles, no caso de que o medio de transporte tivese sido obxecto de primeira matriculación definitiva en España achándose en estado novo. Para estes efectos, o citado importe residual determinarase aplicando sobre o valor de mercado do medio de transporte usado no momento do devengo unha porcentaxe igual á que, no seu día, terían representado as cotas de tales impostos no prezo de venda, impostos incluídos, do indicado medio de transporte en estado novo.

Os suxeitos pasivos poderán utilizar, para determinar o valor de mercado, os prezos medios de venda aprobados para o efecto polo ministro de Economía e Facenda que estiveren vixentes na data de devengo do imposto. Nos casos en que sexa aplicable a minoración a que se refire o parágrafo anterior, o ministro de Economía e Facenda establecerá o procedemento para determinar a parte dos ditos prezos medios que corresponde ao importe residual das cotas dos impostos indirectos soportadas.

Cando os suxeitos pasivos declaren un valor de mercado determinado conforme o previsto no parágrafo anterior, a Administración tributaria non poderá comprobar polos outros medios previstos no artigo 57 da Lei xeral tributaria o valor así declarado.»

Cinco. Os números 1 e 2 do artigo 70 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Para a determinación dos tipos impositivos aplicables establécense as seguintes epígrafes:

Epígrafe 1.^a

a) Vehículos cuxas emisións oficiais de CO₂ non sexan superiores a 120 g/km, con excepción dos vehículos tipo «quad» e dos vehículos comprendidos nas epígrafes 6.^a, 7.^a, 8.^a e 9.^a

b) Vehículos provistos dun só motor que non sexa de combustión interna, con excepción dos vehículos tipo «quad».

Epígrafe 2.^a Vehículos cuxas emisións oficiais de CO₂ sexan superiores a 120 g/km e sexan inferiores a 160 g/km, con excepción dos vehículos tipo «quad» e dos vehículos comprendidos na epígrafe 9.^a

Epígrafe 3.^a Vehículos cuxas emisións oficiais de CO₂ non sexan inferiores a 160 g/km e sexan inferiores a 200 g/km, con excepción dos vehículos tipo «quad» e dos vehículos comprendidos na epígrafe 9.^a

Epígrafe 4.^a

a) Vehículos cuxas emisións oficiais de CO₂ sexan iguais ou superiores a 200 g/km, con excepción dos vehículos tipo «quad» e dos vehículos comprendidos na epígrafe 9.^a

b) Vehículos respecto dos que sexa exixible a medición das súas emisións de CO₂, cando estas non se acrediten.

c) Vehículos comprendidos nas categorías N2 e N3 acondicionados como vivenda.

d) Vehículos tipo «quad». Enténdese por vehículo tipo «quad» o vehículo de catro ou máis rodas, con sistema de dirección mediante guiador, no que o condutor vai sentado dacabalo e que está dotado dun sistema de tracción adecuado a un uso fóra de estrada.

e) Motos náuticas. Enténdese por 'moto náutica' a embarcación propulsada por un motor e proxectada para ser manexada por unha ou máis persoas sentadas, de pé ou de xeonllos, sobre os límites dun casco e non dentro del.

Epígrafe 5.^a

a) Vehículos non comprendidos nas epígrafes 1.^a, 2.^a, 3.^a, 4.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a ou 9.^a

b) Embarcacións e buques de recreo ou de deportes náuticos, con excepción das motos náuticas.

c) Avións, avionetas e demais aeronaves.

Epígrafe 6.^a Motocicletas non comprendidas na alínea c) da epígrafe 9.^a cuxas emisións oficiais de CO₂ non sexan superiores a 80 g/km.

Epígrafe 7. Motocicletas non comprendidas na alínea c) da epígrafe 9.^a cuxas emisións oficiais de CO₂ sexan superiores a 80 g/km e sexan inferiores a 100 g/km.

Epígrafe 8.^a Motocicletas non comprendidas na alínea c) da epígrafe 9.^a cuxas emisións oficiais de CO₂ non sexan inferiores a 100 g/km e sexan inferiores a 120 g/km.

Epígrafe 9.^a

a) Motocicletas non comprendidas na alínea c) desta epígrafe cuxas emisións oficiais de CO₂ sexan iguais ou superiores a 120 g/km.

b) Motocicletas non comprendidas na alínea c) desta epígrafe cuxas emisións oficiais de CO₂ non se acrediten.

c) Motocicletas que teñan unha potencia CEE igual ou superior a 74Kw (100 CV), sexan cales sexan as súas emisións oficiais de CO₂.

2. Os tipos impositivos aplicables serán os seguintes:

a) Os tipos que, conforme o previsto no artigo 43 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, fosen aprobados pola comunidade autónoma.

b) De a comunidade autónoma non ter aprobado os tipos a que se refire a alínea anterior, aplicaranse os seguintes:

Epígrafes	Península e Illes Balears	Canarias
1. ^a e 6. ^a	0,00 por 100	0,00 por 100
2. ^a e 7. ^a	4,75 por 100	3,75 por 100
3. ^a e 8. ^a	9,75 por 100	8,75 por 100
4. ^a e 9. ^a	14,75 por 100	13,75 por 100
5. ^a	12,00 por 100	11,00 por 100

c) En Ceuta e Melilla aplicaranse os seguintes tipos impositivos:

Epígrafes	0 por 100
1. ^a e 6. ^a	0 por 100
2. ^a e 7. ^a	0 por 100
3. ^a e 8. ^a	0 por 100
4. ^a e 9. ^a	0 por 100
5. ^a	0 por 100»

Artigo noveno. *Bonificación no imposto sobre as primas de seguros das operacións de seguro de transporte público urbano e por estrada.*

Durante os anos 2008 e 2009 terán unha bonificación do 75 por 100 no imposto sobre as primas de seguros as operacións de seguro relacionadas co transporte público urbano e por estrada de mercadorías ou viaxeiros nas que concorran as seguintes circunstancias:

a) Que cubran os riscos de accidentes persoais dos ocupantes dos vehículos de transporte, de danos propios sufridos polos vehículos de transporte e da súa responsabilidade civil por uso e circulación, de danos sobre as mercadorías transportadas ou de calquera outra responsabilidade civil do transportista.

b) Que a prima do seguro se devengue no ano 2008 ou 2009, cunha cobertura máxima dun ano e cuxo período de cobertura se inicie no mesmo exercicio.

A repercusión do imposto sobre as primas de seguros polas entidades aseguradoras ás persoas que contraten os seguros que teñan dereito á bonificación anterior realizarase consignando no recibo, de forma separada, a cota resultante de aplicar o tipo de gravame e a cota resultante de aplicar a bonificación.

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei, as entidades aseguradoras regularizarán a repercusión do imposto, aplicando a bonificación aos tomadores dos contratos de seguros que teñan dereito a ela respecto das primas devengadas entre o inicio de 2008 e a data de entrada en vigor desta lei.

Artigo décimo. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Modifícase a alínea e) do número 1 do artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que queda redactada da seguinte forma:

«e) Os axentes e comisionistas de aduanas, cando actúen en nome e por conta dos seus comitentes. Non obstante, esta responsabilidade subsidiaria non alcanzará a débeda aduaneira.»

Disposición adicional primeira. *Medidas para incentivar a política de vivenda.*

O Goberno presentará no prazo de tres meses un plan de medidas que incentiven, no marco da normativa da Unión Europea, a promoción de vivendas para destinalas ao arrendamento con opción de compra e que fomenten a rehabilitación de vivendas.

Disposición adicional segunda. *Lealdade institucional.*

O Goberno, de conformidade co principio de lealdade institucional, procederá a avaliar bilateralmente no marco da reforma do sistema de financiamento o importe correspondente ás perdas de ingresos que supoñan a supresión do imposto sobre o patrimonio e facer efectiva a compensación correspondente.

Disposición adicional terceira. *Análise de novas figuras que fomenten a creación de pequenas e medianas empresas.*

O Goberno analizará as fórmulas que existen no dereito comparado para fomentar a creación de pequenas e medianas empresas e o apoio aos emprendedores, e que responden á denominación de «business angels», co obxecto de estudar a súa viabilidade en España e, de ser o caso, o réxime xurídico e fiscal que lles resultaría de aplicación.

Disposición transitoria primeira. *Efectos da exención na modalidade de operacións societarias dos fondos de titulización.*

A exención da modalidade de operacións societarias de todas as operacións que realicen os fondos de titulización hipotecaria e os fondos de titulización de activos financeiros, establecida no artigo 45.I.B).20 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, resultará aplicable a calquera que realizen desde a súa constitución, incluída esta.

Disposición transitoria segunda. *Renuncia ao réxime especial do grupo de entidades.*

As entidades que optasen pola aplicación do réxime especial do grupo de entidades de acordo coas condicións establecidas no artigo 163 sexies da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 58 sexies da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, poderán renunciar a ela ata o 31 de xaneiro de 2009, sen que, para estes efectos, lles sexa de aplicación o prazo de tres anos a que se refiren os ditos artigos.

Disposición transitoria terceira. *Modificación da base imponible do imposto sobre o valor engadido e do imposto xeral indirecto canario.*

Os suxeitos pasivos que sexan titulares de créditos total ou parcialmente incobrables correspondentes a cotas repercutidas pola realización de operacións gravadas para os cales, á entrada en vigor desta lei, transcorrese máis dun ano pero menos de dous anos e tres meses desde o devengo do imposto, poderán proceder á redución da base imponible no prazo dos tres meses seguintes á dita entrada en vigor, sempre que concorran todos os requisitos a que se refire o artigo 80.catro da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, con exclusión do referido na condición 1.^a do dito precepto, e o artigo 22.^o 7 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, con exclusión do referido na condición 1.^a do dito precepto.

Non se poderán acoller ao disposto no parágrafo anterior os suxeitos pasivos que durante o prazo dos tres meses contado desde a entrada en vigor desta lei poidan reducir a base imponible conforme o disposto no artigo 80.tres da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 22.^o 6 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Disposición derradeira primeira. *Beneficios fiscais aplicables ao Symposium Conmemorativo do 90 Aniversario do Salón Internacional do Automóvil de Barcelona 2009.*

Un. O programa correspondente ao Symposium Conmemorativo do 90 Aniversario do Salón Internacional

do Automóvil de Barcelona terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración deste programa será do 1 de xaneiro de 2009 ao 31 de decembro de 2010.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa será competencia dun consorcio que se creará conforme o disposto no artigo 27.2.b) da citada Lei 49/2002, do 23 de decembro.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades será realizado polo consorcio a que se fixo referencia no número anterior.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información aos intermediarios financeiros.*

Modifícase a redacción do número 3 da disposición adicional segunda, que queda redactado da seguinte forma:

«3. A entidade de crédito dominante dun grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito terá a obriga de informar a Administración tributaria e as institucións encargadas da supervisión financeira, na forma en que regulamentariamente se estableza, das actividades realizadas polas filiais a que se refire a alínea a) do número 1 desta disposición adicional e da identidade dos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e os suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades, que sexan titulares dos valores emitidos por aquelas, así como os contribuíntes do imposto sobre a renda de non-residentes que obteñan rendas procedentes de tales valores mediante establecemento permanente situado en territorio español.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns.*

Modifícase o artigo 34 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, que quedará redactado da seguinte forma:

«Artigo 34. *Normas xerais.*

1. A competencia para a xestión e liquidación do imposto corresponderá ás delegacións e administracións de Facenda ou, de ser o caso, ás oficinas con análogas funcións das comunidades autónomas que teñan cedida a xestión do tributo.

2. As comunidades autónomas poderán regular os aspectos sobre a xestión e liquidación deste imposto segundo o previsto na Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía. De a comunidade autónoma non ter regulado os ditos aspectos, aplicaranse as normas establecidas nesta lei.

3. Non obstante o disposto no número anterior, a competencia para establecer como obrigatorio o réxime de autoliquidación do imposto corresponde ao Estado, que introducirá na lei do imposto as comunidades autónomas en que se establece o dito réxime.

4. De acordo co disposto no número anterior, establécese o réxime de autoliquidación do imposto con carácter obrigatorio nas seguintes comunidades autónomas:

Comunidade Autónoma de Andalucía.
Comunidade Autónoma de Aragón.
Comunidade Autónoma de Canarias.
Comunidade de Castilla y León.
Comunidade Autónoma de Cataluña.
Comunidade Autónoma de Galicia.
Comunidade Autónoma da Región de Murcia.»

Disposición derradeira cuarta. Actividade de incubación avícola.

O Goberno comprométese a analizar a actividade de incubación avícola e a súa adecuada clasificación no IAE no contexto da reforma do sistema de financiamento local.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante:

a) Os números do un ao dez, ambos inclusive, trece, catorce, quince e dezaseis do artigo primeiro serán de aplicación aos períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008.

b) O artigo terceiro será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2008.

c) Os números catro e cinco do artigo quinto, os números cinco e seis do artigo sexto e o número un do artigo oitavo, entrarán en vigor o 1 de decembro de 2008.

d) Os números do nove ao once, ambos inclusive, do artigo quinto e do once ao trece, ambos inclusive, do artigo sexto serán aplicables aos períodos de liquidación que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2009.

e) Os números once e doce do artigo primeiro e os números do tres ao nove, ambos inclusive, do artigo sétimo serán de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2009.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 23 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

20804 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1663/2008, do 17 de outubro, polo que se aproba o Plan Estatístico Nacional 2009-2012. («BOE» 310, do 25-12-2008.)*

Advertidos erros no Real decreto 1663/2008, do 17 de outubro, polo que se aproba o Plan Estatístico Nacional